

Rosalía de Castro,
precursora da fala

Discurso lido o día 15 de outubro
de 1948 no acto da súa recepción,
polo excelentísimo señor don

Victoriano Taibo García

e resposta do excelentísimo señor don

Ramón Otero Pedrayo



REAL ACADEMIA GALEGA



Rosalía de Castro,
precursora da fala

O solemne acto académico
no que foron lidos os dous
discursos recolleitos no
presente volume celebrouse
o 15 de outubro de 1948
no Salón de Actos do
Pazo Municipal da Coruña.

A presente edición elaborouse a partir
da edición orixinal publicada no ano 1972 pola
Real Academia Galega.

Edita
Real Academia Galega

© Real Academia Galega, 2015

Deseño da colección
Grupo Revisión Deseño

Rosalía de Castro,
precursora da fala



REAL ACADEMIA GALEGA

A Coruña 2015

Discurso do excelentísimo señor don
Victoriano Taibo García



Señor Presidente da Real Academia Gallega,
Señores Académicos:

Sin máis merecementos qu'os que liberal e agarimosamente quiso donarme a vosa fidalguía, somente pol-a vosa xenerosidade e amor â fala galega, da que eu non son desaventaxado cultivador, podo entrar hoxe a acollerme ô achego d'este prestixioso casal, e hachal-o canto, que me ofreceades bondadosos, para sentarme convosco nos petrucíás escanos, â quentura do lar enxebremente galego, aloumiñante gardador dos máis saborosos fruítos e lumiosas recolleitas, das nosas vellas anadas espiritoales; a convivir c'os que esligados c'a sede do amor e do saber, abrides as fontes da tradición, atuídas e estancadas na lonxidade do tempo e do esquezo, e ledes e desentranades os gloriosos latexos d'outrora, que viven acuruxados nas follas amareladas das crónicas tumbos e códices roídos, baixo o capelo das areiras, que cobren amorosas as ruiñas do castelo escachifado, e nas pedras dos vellos mosteiros, comestas e lañadas pol-a man do tempo; c'os que nas xurdias catedrales e na humildade da capela, que se aniña no seu hirto da montaña silandeira, escoitades e descubrides a voz dos vellos tempos gloriosos, que nos fala do noso xenio creador, perpetuado, en sabor de estilos, séculos e xeneraciós, pol-a habelencia de escultores e canteiros artífices, na maravilla do noso tesouro artístico e monumental; c'os que decote acalentan contra o seu corazón, alumeado pol-a lus da intelixencia, as nosas grandezas e os nosos feitos, a nosa lingoa e a nosa música, o noso traballo e as nosas artes, e remaneceren enriquecidas e frorecidas pol-a quentura espiritual do voso talento e do voso amor.

Para eu corresponder a esta dádiva fraterna no que tén de delicada e acarñante, non traio, non apporto ô tesouro que custodiades e acrecentades, máis que un cativo feixe de ponlas murchas, esgalladas nas horas de amoroso lecer, da árbore sin medras do meu sentimento, abaladas pol-os meus namoros dos feitizos da miña terra, máis querida canto máis esquecida, e orvallados c'as báguas do meu corazón.

Foi a oferta que lle ofrecín â mai-terra cando de mocíño quixo entrar pol-as fenestras dos meus ollos, en meiguices de peisaxe e raiolas de luar, a buscare na lus da miña fala materna, que era a súa, a humilde pousada do meu corazón; alá, na vella vila santiaguesa, pé do sepulcro de Rosalía, onde as almas esclarecidas pol-o amor â terra, entrevén o escentileo da estrela que levóu na frente, e escoitan o cantar que frorecéu no seu bico; estrela en camiño dos corazóns eleitos, nun múltiple ronsel lumioso como un vieiro das almas na noite suidosa das ridentes ensoñaciós; cantar que se ergue con voz manseliña e dorosa, que chama e invita ô amor, ô traballo e ô sacrificio, a todol-os escolleitos e videntes, a todol-os que cubizaron e sentiron no seu corazón “un bico dos labios da nai”.

Cativa oferta, ruín dádiva. Veleiqué toda a miña pobreza, veleiqué tamén toda a miña riqueza sentimental, con máis báguas que sorrisos, con máis espiñas que frores; que eu tampoco, endemal, puiden dar máis do que levaba aniñado nos enxidos ermos do meu corazón.

Póñoa na ara do voso altar, onde arde decote o lume sagro dos nosos eidos, por si tén morneza d’abondo para ser quentura nesta mansión de fervores galegos, a troques do amor dos vosos corazóns e da lus da vosa intelixencia. Que se desfaga en muxicas como un esplendor, e en fume como unha brétema amorosa, e que se perda para sempre nos currunchos feiticeiros da nosa terra, a cantar e a soñar, no ensoño dorido e ridente das nosas ilusiós, na cantiga suidosa e eternal da nosa campía.

* * *

E pé deste fogo amoroso na tepidez íntima deste lar amable, onde se garda o recordo acariñante nas ausencias dos idos para sempre, acendamos agora a lus da lembranza para rendir tributo, como é lei de amor, â memoria de don Ramón Toxo Pérez, d’aquel galego entusiasta e xeneroso que en vida levóu â súa terra no corazón, e cuío posto veño eu a ocupar inmerecidamente neste Instituto Literario. Que evocado pol-a miña modesta voz, reviva uns instantes connosco a remanecer na validencia dos seus méritos, no arrecendo imperecedeiro da sua fe nos destinos culturais da terra amada.

Don Ramón Toxo Pérez foi un fruto selecto, sazoado â quentura do saber e do sentir da petrucial Compostela. Abonda conocer os nomes dos seus compañeiros de estudos, Cabeza León, Marqués de Figueroa, Vázquez de Mella...; lembrar a chama de entusiasmos rexionalistas que d’aquela ardía alumiante

en muitos corazóns eleitos, para decatarse de que, si nas aulas universitarias se esclarecéu a súa intelixencia c'a lus das fondas disciplinas xurídicas, nas vellas rúas santiaguesas formouse o seu corazón no nobre amor a Galicia, que enchendo e norteando a súa vida, había de poñelo, tempos andados, ô servicio desinteresado da prosperidade e da cultura do seu país.

Como alumno da Universidade, o seu nome non se escurece entre os que máis adiante foron vidas consagradas na política e na cátedra, no xornalismo e na elocuencia; adquire, pol-a contra, destaque e releve, e a súa intelixencia e apuración vense galardonadas con premio en total-as asignaturas da Facultade e na licenciatura; e xa doutorado, e cando contaba somente vintetrés anos, pasa a pertencer ô corpo de Abogados do Estado, en praza obtida en rifadas e brillantes oposicións.

A súa capacidade de traballo lévô a matricularse nos colexios d'A Cruña, Santiago, Lugo e Pontevedra, e pol-o seu talento, fondo saber e actividade, base firme dos seus éxitos forenses, conquire en nobre luita un dos primeiros postos entre os civilistas da súa época, nos que figuran abogados de tanta sona e mérito como Martínez Fontenla, Pérez Porto e Linares Rivas.

D'el escribeuse que foi “expertísimo conocedor do dereito privado con ampla base romanista”; e no *Boletín* desta Academia quedan interesantes traballos seus, como o que adicou á fundación do convento de Herbón, e o que se refire ô estudo e crítica do libro do xurisconsulto lucense Bernardo Hervella de Puga, sobre *Derecho práctico y estilos de la Real Audiencia de Galicia*, pois don Ramón Toxo era profundamente versado nesta materia pol-o seu directo coñecemento do dereito foral galego.

Político militante, ocupou os postos de deputado provincial, presidente da Diputación da Cruña e gobernador civil; mais soubo aproveitar a influencia que os cargos lle donaban para pôl-a decote ô servicio de Galicia con axudas pecuniarias a esta Academia, e conseguindo subvencións ou adquirindo libros, o que permitiu a publicación de obras de Murguía e Carré Aldao, e os álbumes conmemorativos do Centenario da Independencia, onde da a conocer un interesante estudo da batalla de Herbón, o seu valioso aportamento histórico ôs anás dos gloriosos feitos de armas de Galicia contra o francés invasor. E a expensas da Diputación provincial, que el d'aquela presidía, e pol-a súa afervorada iniciativa puido sahir â lus, en xurdios cuidados tipográficos e luxosa presentación, a sonadísima *Crónica Troyana*, disposta, prologada e editada pol-o insigne polígrafo Martínez Salazar.

Conocía o vivir das nosas xentes campesías, e nas cibdades frecuentaba o trato e amizade cordial dos homes de letras máis representativos da cultura galega. E aínda tivo outros fieles amigos c'os que viveu decote en fraterno e entusiasta contacto: os nosos libros. O amor ô saber e â terra nadal impeleuno desde a súa mocidade ô conoemento da nosa vida, e no dereito e na historia, na fala e nas artes, aprendéu o que fumos e puido decatarse do que podemos ser. E como dos conoementos profundos nacen os amores arriscados, cobizóu unha Galicia xurdia pol-o seu esforzo, culta no saber, próspera na súa vida, grande nos seus feitos.

Como membro fundador, é cimento e trabe d'este Corpo Literario; é dos que con Murguía, Pérez Ballesteros e Carré Aldao, lle deno, despóis do pulo inicial, vida e movemento, e deixaron aquí para sempre o exempro vivo da súa fe, o seu amor e os seus entusiasmos.

Pertenecéu ô grupo dos escolleitos, que fixeron do seu corazón unha lámpara votiva a alumear decote os altares da mai-terra. Por iso baixóu ô sepulcro abenzoado por todol-os labios nos que, como un ecoar do espírito, treme o amor a Galicia.

Xa pasóu, e vive entre nós en perdurante lembranza. Os rodicios espiritoales teñen a virtude de moverse co-estas augas pasadas, que feitas lus e armonía, esclarecen e aledan as vellas calzadas por onde pelegrinan cubertos de pó de suidade os romeiros do ideal de amor e renacencia da terra amada. El connosco, a par das nosas ilusiós, pol-a mesma estrada, espertando c'a súa voz e o seu recordo, a esperanza ridente, que agarima, c'as súas mas de fada amantiña, as sagras arelas que arrolamos nos nosos corazóns.

* * *

Falar de Rosalía, da vida e da obra da muller fondonísicamente galega, enxebremente suidosa, é achegarse ô sagrario onde viven en acto e presenza as esencias inmortás do noso país e da nosa xente. Só se pode facer c'o espírito axionllado, en actitude de humildade e reverencia, c'a alma chea de devota unción e c'os labios trementes nun sentir fondamente relixioso, en oración velaíña de amor e rendimento, nun acento suave e tenro no que more todo o amor da nosa alma, total-as emocións que deiten do noso corazón.

Estas cuartillas que vos vou a ler, non son máis que unha sinxela gabanza da figura esgrevia e cimeira de Rosalía, o homenaxe que todol-os corazóns galegos lle

deben, e que eu lle rindo hoxe como *Precursora da fala*, aproveitando a sinalada distinción con que tan xentilmente quixéstedes honrar e esclarecer a escuridade do meu nome. Vaian a todos vós, desde o fondal do meu corazón en virxes emocións, estas palabras nidias, portadoras do meu máis enternecido agradecemento.

* * *

Por influencias raciás de herdo e nacencia, foi Rosalía afervorada admiradora da paisaxe. As fenestras dos seus ollos esculcadores, decote abertas ás belezas da terra, asulagaron a súa alma, sedenta de fermosura, na paz e no verdor dos nosos eidos. Na variedade riquísima e vizosa da campía, ouviu o seu corazón namorado, o linguaxe íntimo e segredo, que só poden percibir os seres eleitos, sedentos do enxebre pracer estético; e o claro feitizo espellante das nosas rías, e o balbordo do vello océano tebroso, encheron o seu peito amante de rumores de lonxidade e de chamadas de infinito.

A alma de Galicia, aniñada no capelo de verdor e brétemas, que encubre e enfeita a nosa terra, faloulle ô seu ouvido no místico linguaxe enchouchador; no murmurar en gurgullos dos regos choutadores entre a pelusiña verdexante e molente nos beirales dos arrós; e no seu corazón espreitador e amoroso teceron o seu leito musical os murmurios do boscaxe, os trinos que ventan e anuncian a primaveira e os rechouchíos outonales da paxariñada entre o follaxe cumprido e esmorecente de vidos e castiñeiros.

O sorriso tépido e lene da terra-mai beixóuna como a filla agarimosa, nunha cantiga verde, suidosa e leda, mollada de orvallos e arrecendos, e involucou as fontaiñas do seu sentimento nas esenciais vivas e latexantes da paisaxe, qu é a linda gaiola enmeigada onde brinca e canta doroso e ditoso o seu corazón.

O seu feitío sentimental sinteuse enraizado na campía en comunión c'as belezas da terra, que agariman a súa alma absorta na contemplación da prácida maravilla, aberta ante os seus ollos sedentos e admirados: a paisaxe, que a chama, seduz e namora, é a voz que a retén, vencella e gana para Galicia, e faille sentil-o orgullo de verse filla de nai tan linda e boa, deica convertirse no seu corazón apasionado, nunha das razóns supremas dos nosos dereitos ô amor, respecto e comprensión de propios e de alleos.

E na paisaxe amada, o outro seu querer fondo e ricaz en dádivas para o seu corazón: a peisanaxe.

Aquela campía, que agorentaba a súa alma, era o lar, berce e colo da súa xente, â que ela se sentía unida pol-os máis estreitos lazos do amor, escoitando no seu corazón a chamada imperiosa da sanguinidade.

Apouvigado por tod-os infurtunios, alí sufría, traballaba e cantaba o seu povo, o gran artífice da súa peisaxe ben amada, o que troca a bouza mesta en vizoso labramio, os campós de gramas e herbales molentes, o bravo codesido en pomareiros risoños, e a encosta fragosa e maniña en socalcos verdexantes: o pintor xenial que mancha o cuadro a golpe de sacho e eixada para que despois as chuvias prolíficas, as raiolas tépidas e os calmucios atafegantes, lle dean xeito e forma, cores e matices, e ergan as acordes da polifonía verdecente, e fagan o milagre da fermosura arroladora e criadora.

E máis Rosalía, providencialmente, aínda chegou a tempo. Nacéu cando os casás galegos, con todol-os seus esquezos e desvíos, non eran unha ficción, unha novela escrita con valdeiras renunciacións e esnaquizamente da nosa vida, con rachaduras do noso espírito, agora reseco e lañado, por onde xa se escoan os virus do extraño e vedizo, que lidan por sedimentar e estratificar todo o que é noso e por nós creado, onde latexa a enerxía xermoladora da nosa vida intrínseca e persoal. Foi nada cando cada lar galego era aínda unha llana da historia viva de Galicia, un eslabón de ouro na cadea da tradición, un arcaz agarimoso con ulidos de mazás en maturidade e arrecendos de campía sollosa e frorecida.

D'aquela, os petruciás escanos, nas longas noites de inverniá, eran cátedra do saber popular que tén sempre â súa man as páxinas certas dos feitos naturás, as que lle dicta o seu temperamento e a súa imaxinación espiritoalista e creadora, qu'ô leva pol-os camiños do fantástico e sobrenatural; é o libro de todol-os tempos, escrito na verba sabia dos contos e lëndas, ditos e refrás, pol-os cursarios nas fondas leccións da vida e da experiencia.

Na infancia e xuventude de Rosalía, os nosos peisáns aínda se gardaban lei a sí mesmos respetando os seus usos e costumes, eran mestres da súa vida, fieles ô seu exemplo, desenvolvendo o seu existir baixo a influencia do seu espírito.

Rosalía ven d'ahí; é a meniña do pazo da Arretén, nada en Santiago e criada nas terras fermosas da Mahía e Iria Flavia, pé do vivir labrego, escola activa do típico e tradicional, é a filla enxebre, sin mestura, das agras verdecentes e dos costumes anterigos: da peisaxe da terra e da peisaxe das almas.

Mais a peisaxe da terra é o ñiñal lene e creador da nosa existencia material e anímica, a forza segreda e intemporal que c'os seus dedos misteriosos urde a nosa vida no doce tear da melancolía e do sentimento, e esculpe, c'as diferencias orgánicas, todo o noso complexo espiritoal.

A paisaxe, suma de forzas naturás e primixenias, é o medio no que todo se crea, recrea e camiña na mutación e na perfección, en axeitamentos sucesivos rexidos pol-a obra multiseccular do cosmos actuando arreo sobre os nosos valores físicos e psíquicos, tal como si o sol e as brétemas, os vales e os cumios, as engrovias e as chanzadas, a campía e o mar, fosen un inmenso crisol enxebriizador onde, no rolar dos séculos, fúndense as almas a imaxe e semellanza da terra que as informa e anima, influenciadas pol-a convivencia íntima e cordial de amor, ansiedade e traballo, c'a leiva nutricia, sostén dos corpos e alento do espírito, modeladora misteriosa do noso corazón; un laboratorio de prodixio onde xurden os costumes e faise o dereito, enxérganse as tradicións e técese as cantigas, e todo se xunta, arreconchega e converxe nunha só expresión concreta e sintética como un compendio xurdido da nosa vida espiritoal e do noso traballo material: a fala propia, o noso verbo diferenciador, herdo sagro e milagreiro no qu'o povo galego vertéu e moldeou o seu espírito, ô mesmo tempo que acomodaba o linguaxe a maneira de ser da súa alma, dándolle os seus matices peculiares, e c'a dozura e musicalidade das fontenlas do sentimento, os segredos íntimos do seu xenio racial, para convertila na nosa forza anímica e xeneratriz, o choer nela o pulo creador do noso intelecto e dos nosos afectos, e dar nela o noso corazón e o noso pensamento trocado en doces sons e suaves armonías.

Amar a paisaxe, a peisanaxe e a fala, c'a intensidade e desinterés con que Rosalía as acalentou contra o seu corazón, foi asentarse as súas ensoñacións no terreo da realidade, e encararse c'a Galicia íntegra, real e viva, beber na única fonte que podía matal-a sede do outo e nobre ideal que se debecía por ser carne do seu corazón e lus galega no seu espírito.

* * *

Os paxaros cantan cando a tepidez do sol desperta as arelas vexetáis e remanece a vida como unha cantiga de promesas da nova seifa; e Rosalía ábrese como unha fror de celtas arrecendos espiritoales, ô morno agarimo das ansias de renacemento do seu país, entre os precursores, que camiñan c'a alma inmersa nas fondas suidades d'unha Galicia millor; que é para eles —que viven en degaños e esperanzas— somente arrecendo de rosas de lonxidade no porvir incerto da terra dexergada pol-as calzadas costaneiras e pedrugentas das ensoñacións céltigas.

A nosa existencia espiritoal e material non foi nunca o fluir ridente e ovante d'unha vida feita e lograda. Somos o pruído d'unhas aas que cubizan abrirse cara ô vento maino para erguerse e degraer nas turmas, como a laberca, as canciós armónicas xeneradas â morneza da nosa virtude creadora.

Non eran, pois, os precursores, almas gozosas nas gratas contemplaciós da obra feita, con todol-os elementos das nosas actividades frorecidos. Eran os fillos d'un lar noutrora glorioso pol-a lus do seu corazón, que non puido lutar c'as adversidades históricas e a quen os curiscos tolledores d'unha longa invernia, atereceron e apouvigaron, e que, vendo aínda en pé todol-os atributos do noso espírito, arelaron dar sahida ôs fartos manantíos da nosa cultura, enraizada na tradición, na fala e na natureza.

Luitan como iluminados por unha lus de fondos ideales patrióticos, mantidos pol-a labarada do entusiasmo, que enxebriza os seus corazóns, e que é alento e esperanza das ilusiós que medran nas almas, nun frorir de desexos e boandanzas para a terra máis que amada, idolatrada.

E a terra que suscita tan forte e apasionado amor, que dá alento â fé e afoga a dúbida, é unha terra que nunca foi feliz, esquecida dos seus e aldraxada dos alleos, esmorecida no espírito, afundida na pobreza e no abandono, c'o seu casal desfeito, malferida, nun encollemento de resignada mansedume.

O pulo de luita e a xenreira, a prevención e o laio dorido, que se oen e sinten decorrer da voz e da pluma dos precursores e dos que puidéramos chamar continuadores, ¿qué son máis qu'a nobre dúbida, engarrada na alma en temores e presentimentos de que se esmoreza e perda por noncuranza todo o que eles queren salvar cheos de unción e entusiasmo?

Por iso viven arelantes, impacentes, degoiradores, como nunha carreira tola, gozosa e melancólica tras de algo perdido e que aínda se perde, que se nos esvai e non fuxe só, pois co-este xurdio ben perdido, mesmo semella qu'a nosa alma, pelegrina do mesmo ideal, se nos vai tamén ferida de afás, e quedanos o corazón orfo, no valeiro, latexando en laios e queixidos de angustiosa suidade.

Rosalía tamén ven d'ahí: é agora a mociña santiaguesa, autodidacta, instruída e espelida, que frequenta o Liceo de San Agustín, poetiza, declama e convive, en afás e esperanzas, c'a romántica mocidade universitaria compostelá, c'os poetas, xornalistas e patriotas para quenes a beleza e a libertade son as damas do seu pensamento, é Galicia, a ara sagra onde ofertan os seus máis enxebres amores.

Non puido vivir allea ô rexurdimento da súa terra porque a súa alma e o seu corazón estaban formados xa pol-a sustancia espiritoal dos eidos nativos, pol-a

esencia mesma da matria benamada, que enchía o seu peito de sagras cubizas: e soña co eles. Siguéunos “como a muller gala seguía ôs seus ô combate” (Murguía).

A ela tamén se lle perdéu algo, que ha de extraer dos corrunchos máis íntimos do arcaz dos seus afectos. Vai a abstraerse nas luces de armonía, que escentilean no fondal da súa alma; a poñel-o seu corazón amantiño onde a fala de Galicia espera debruzada e expectante a hora da súa resurrección; a pôrse en contacto c’o espírito da terra pol-o fío de ouro do falar antergo e popular.

Non percibéu o arrecendo dos lanzos en fro do xardín das Hespérides; mais na súa alma suidosa resoaban, como un feitizo degoirador, as armonías da súa fala materna rexeitada e espirante: a nosa Atlántida perdida, o noso continente espiritoal afundido –con total-as virtudes qu’a nosa alma atesoura– nun longo cataclismo histórico de desleigamento, dôr e baguas.

* * *

Entre o estrondo das luitas, chegaran a Galicia cánticos de fe e pelerinaxe e pol-a vía francixena, a Galaxia terrea que esclareceu a nosa alma c’as esencias poéticas da Provenza; e na paz recollida de Compostela, o noso corazón e a nosa lingua comezanos a decir doces palabras de amor.

Aquelas cantigas fono sol raiante a alumear todol-os recantos da península ibérica c’a a lus manseliña e trunfante do noso espírito.

A frondente froración lírica dos séculos XII, XIII e XIV na gloriosa fala galega, “céltica musa,

último amor do pálido Macías
atravesado o corazón c’un ferro”,

tivo no doncel namorado o seu fin e termo. A morte tráxica do derradeiro trovador é o triste símbolo do noso idioma, atravesado tamén pol-o ferro xordo do deixamento e dos legalismos prohibitivos.

En luitas sangüentas agonía e esvaise a liberdade e os dereitos do povo, baixo a pouta feudal, raspiñeira e usureira; e na campía galega escóitase o alarido tráxico de total-as laceiras.

Calaron os segrels e decidores, os xuglares e troveiros; e a gorxa mélica que entonara entre todos o canto primeiro, nunha alborada de ruibéns ourilocentes

e espellantes, que semellaban tel-a voz, as vestes aéreas e os designios providenciás d'un anxo anunciador, abafóu. O noso maxisterio lírico e espiritual finóuse.

Matada a lus perdímol-o camiño, e comezamos a vivir alleos a nosoutros mesmos. As propias realizaciónes fono afogadas pol-os ensaios de imitanza do alleo; e a alma de Galicia, abandonada pol-os homes de saber desleigados e desirmanados, que tiñan a obriga de tenderlle a súa man agarimosa, enmudeceu baixo un capelo de dôr, de séculos e de morte; apagouse a nosa cultura e abríronse para o pobre peisán as eras arripiantes do infurtunio, que lle han de amostral-as pasaxes incertas dos continentes e dos mares.

Perdéuse a memoria do noso esplendor poético. O país dos recordos, que fai da lembranza alento e pulo da súa vida, esqueceuse das súas glorias, máis enxebres e lexítimas deica ignoralas; e xardín noutrora froecido, trocóuse nun ermo escarondo e maniño. Agora xa poderán decir de Galicia que nunca foi "fértil en poetas", xa poderán falar do noso "estado de postración intelectual que tan sin piedade nos botaron na cara" (Murguía).

Pero n'esta terra, o povo foi decote o millor e máis constante cantor. A alma do povo é poeta, un poeta sinxelo, todo encaixes velaíños, dozura e musicalidade. E o povo galego cantóu na súa lingua, que e o pentagrama no que compuxo as vaguedás da súa música melancólica e brincadeira, filla das tristuras e das alegrías do seu corazón.

Poetizóu os seus amores como Macías o Namorado, fixo loubas â Virxe como o Rei Sabio, e sátiras afiadas como un crego trovador, tecéu cantigas de amigo âs súas mozas charamanduscas, e improvisóu abondoso e poético en regueifas e parrafeos, enchoiadas e retesías. Cantóu no seu verbo as súas máguas, a vaga e fonda suidade da súa vida desfeita e malograda, a ledicia das esperanzas e a dôr dos seus sofrentos.

Foi él o que intuitivamente conservóu e agarimóu na dedicia dorida do seu penoso existir, a expresión da súa vida e do seu traballo para que, tempos andados, Rosalía a recollese na ánfora do seu espírito suidoso e a fixese lus radiosa que espaxese as sombras que a escuraban e entebrecían.

* * *

Ô comén do rexurdimento da poesía e da fala galega no século XIX qu'a Guerra da Independencia, o sentimento liberal e o romantismo despertaron e

promoveron, hai que pôr a Nicomedes Pastor Díaz, c’a súa fermosa composición *A Alborada*, de nome simbólico, que se publicou no ano 1828, e foi desgraciadamente o único que produxo no noso idioma.

Aló, nos mediados do século XVIII, dexérganse as figuras senlleiras e erguidas do Padre Sarmiento —que c’o achádego da Carta-Proemio do Marqués de Santillana ô Condestable de Portugal, trai a Galicia a boa nova dos perdidos cancioneros, e a do crego de Fruime, o poeta guerrilleiro, en luta aberta con todol-os detractores da nosa terra; quenes c’as súas composicións galegas e un amor aceso a Galicia e ô seu idioma, semellan sel-os heraldos, a primeira lus de amañecida da nosa renacemento literario¹.


Naqueles tempos de rexurdimento cultural e ardencias patrióticas, nos que se xesta a revolución do 1846, “asómanse ás columnas dos xurnais” dous poetas, “os únicos que puideran aceptarse como manifestación da poesía galega, pouco medrada entón”: Alberto Camino, sonado autor das inspiradas elexías *O desconsolo* e *Nai chorosa*, quen sintíndose preto do seu finamento, queima os seus versos, salvándose d’aquel malfado pouco máis das doce composicións que puideran chegar deica nós, e Francisco Añón, que d’aquela publicou “muitos e notabres epigramas en galego, perdidos cásique todos” (V. Novo e García).

Despóis da revolución de Xullo, “unha verdadeira noite reinaba no ceo literario de Galicia. Os luitadores andaban escamallados, os combates eran imposibles” (Murguía).

A súa protesta “enérxica e viril” pol-os fusilamentos de Carral, exila a Añón para convertilo no “poeta aventureiro” que lembra e canta â súa terra na suidade do desterro; pero o meirande número e as millores das súas poesías —agás o popular *O magosto*, publicado no 1850; e *Galicia visitada pol-os Reis*, no 58— han de ser escritas máis alá do 1859 —que é cando comeza a actuación de Rosalía— e despóis da saída de *Cantares Gallegos*, no 1863.

1 “O século XVIII foi para Galicia —di Murguía— de verdadeira renacemento nacional”. Feixoo adicalle ô idioma cumpridas gabanzas, e verbo desto, afirma xa ter sido Galicia o berce da lingua galaico-portuguesa; Sarmiento adianta “que a época verdadeiramente expansiva da poesía medieval galega foi o século XIII”, e fai sentil-a necesidade do dicionario noso, que Fray Luis Rodríguez e o folk-lorista Padre Sobreira, inician, e en Santiago, un conxunto de homes de letras proponse, sin levalo a termo, a súa formación.

O primeiro glosario de vocábulos galegos deica agora coñecido, é do ano 1536. Contén cento sesenta e tres termos arrecadados pol-o bachiller Olea, que estivo ô servicio das casas de Altamira e Lemos. Este vocabulario foi hachado na biblioteca de Lugo, dado a conocer e comentado por Xosé Filgueira Valverde no fascículo VIII de *Cuadernos de Estudios Gallegos* do Instituto Padre Sarmiento, do 1947.



Con Camino e Añón sobresaí a figura meritoria de Xohán Manuel Pintos, quen no 1853 publica a segunda edición d'A *Gaita Gallega*, libro bilingüe, didáctico, en verso e prosa, con regras, estudos gramaticás e vocabulario².

“Maltratábase de obra e palabra a tendencia a manter unha literatura enxebremente galega. A maioría dos que usaban o galego nas súas producións, facían en asuntos xocosos”. Pastor Díaz doise amargurado “dos termos bárbaros e xiros prosáicos con que tantos enfouzaron a língua e poesía galega” (Murguía).

Os escritores de antes e despois dos luitosos acontecementos do 46, e deica o 59, que compoñían con bon gusto e verdadeiro amor â fala eran poucos.

Ôs catro devanditos pódense engader outros nomes como os de Antonio Castro, Xosé María Posada, Vicente de Turnes, Luis Corral, Marcial Valladares,

2 O libro de Pintos titúlase “*A Gaita Gallega* tocada pol-o Gaiteiro, ou sea Carta de Cristus pra ir dependendo a ler, escribir e falar ben a lingua gallega, e aínda máis”. Ten pois unha finalidade abertamente didáctica. Pintos, poeta e prosador, é tamén mestre da fala, e o primeiro que induce as normas que rixen o noso idioma. Foi un cubizoso arrecadador do léxico, recolléu “un caudal enorme de vocábulos” e tencionóu sel-o autor do dicionario, honra da que era merecente “pol-os seus grandes coñecementos”. A meirande recadádiva de termos, frases e xiros fíxoa no inverno de 1853, o arrapiante *ano da fame*, no qu’as mitedumes labregas, esmorecidas, esfamiadas e núas —“falando unha xerga inintelixible aínda para os que conocíamos e usábamos o galego” (Murguía)— fuxían dos seus lares sin pan, e baixaban âs vilas desde os máis alonxados currunchos do val e da montaña, e fináranse encol das laxes das mesmas rúas ou na friaxe dos recantos das corredeiras.

No 1841 publicóuse en Ourense “*Sainete en gallego* para cuatro personas” orixinal do xurnalista Antonio Benito Fandiño; no 1813, *Proezas de Galicia*, diálogo en galego de Xosé Fernández e Neira, historiando os feitos da Guerra da Independencia, libro reimprentado por Martínez Salazar en 1893; e nos anos 1823 e 1841, a obra bilingüe *O tío Farruco*, “diálogo entre dos labradores gallegos afligidos y un abogado instruído, despreocupado y compasivo”, de Pedro Boado Sánchez. Pol-o número de edicións e popularidade abranguida é merecente de cita a composición de Pardo de Andrade, *Rogos d’un escolar gallego á Virxe d’o bo Acerto*, (1813). E aínda compre lembrar os diálogos en galego *A tertulia de Picaños*, xurnal de sahida irregular (1820-36) e *A Tertulia na Quintán*, (1820), ambos a dous de Santiago.

Os libros, folletos, xurnáis e follas soltas que se publicaron en galego â quentura das ardencias patrióticas da Guerra da Independencia, “traballos de circunstancias, verdadeiras obras de combate”, cumprida a súa misión perdéronse para sempre. O que quedóu foi recollido e queimado nos tempos do absolutismo de Fernando VII, sin que nin siquera os títulos nos sexan coñecidos. E “o movemento literario apágase e enmudece”. (Carré Aldao).

Os diálogos en galego como *Encontro e coloquio na pontella da Chainsa*, (1836), e outros que se publican na rexencia de doña María Cristina, son a aceirada cuitela satírica con que se firen e axan absolutistas e liberás, chegando as súas parolas punxentes e rexubeiras a crebal-a seriedade da prosa legalista nos boletís oficiás das provincias.

Mais agora xa están en pé as arriscadas promocións do 1840, e logo entrará en luita “aquela forte e fecunda xeneración que ven â vida pública no 1854”.

Pérez Ballesteros, Manuel Murguía, López de la Vega, Francisco e Antonio de la Iglesia, García Mosquera, Feixoo Montenegro, Benito Amado...; pero de produción tan escasa que, o que naquel encomeo escribiron ou se conserva dos máis d'eles, é un ben pequecho número de composicións. Algún vive nas nosas letras só pol-a gracia dun verso. E aínda poderíamos mentar outros poetas c'a certidume de que escribiron en galego con anterioridade a Rosalía, e ós que se lle non podería atribuir unha fertilidade nin siquera un mérito meirande qu'os dos escritores sobreditos, descontando a Posada, Ballesteros, Valladares e os irmás de la Iglesia, quenes conqueiron despóis ben ganada nomadía no cultivo das letras galegas³.


¿Escribéu Pondal en galego antes de Rosalía? Hai autores qu'os dan a entender, outros afirman. Murguía en *Los Precursores*, refiríndose á *Campana d'Allóns*, di: “Aqueles versos escribeunos Pondal en galego, seguindo un venturoso exemplo”. Este exemplo púidoo tomar Pondal de Pastor Díaz, Pintos, Camino ou Añón; mais non se trata d'un simple exemplo, senón d'un “exemplo venturoso”. Murguía termina *Los Precursores* nos derradeiros días da vida de Rosalía. No prólogo de *En las orillas del Sar* afirma que “ela tiña precedido a todos”, e cando a súa dona vivía, ofrecéulle “máis d'unha vez” adicar un libro á influencia qu'a súa obra exercera na renacemento das letras galegas.

En *El Idioma Gallego*, Antonio de la Iglesia, coetáneo d'estes feitos de letras, asígnalle a *A campana d'Anllóns*, a primeira poesía en galego que escribéu Pondal, a data do 1861, ou sexa dous anos despóis que Rosalía publicara no *Museo*

3 Entre as composicións, que se escribiron en galego antes do 1859, son merecentes de cursidosa lembranza aquelas con qu'os nosos poetas acollen e agariman ós reis e membros da casa real. Para os literatos de entón, a rexión galaica era aínda o antigo Reino de Galicia. A que nacéu a lingua de reis e cortesáns, chora e ri, na súa soedade e no seu rexurdimento, os acoros e ledicias das testas coroadas e rinde homenaxe de amor e fidelidade ás persoas reás.

A primeira proba dánola o século XVII c'o azoso soneto *Respice finen*, de Pedro Vázquez Neira, (*) laiándose do finamento da raiña Doña Margarida de Austria, e o XVIII c'os cativos versos a Nosa Señora da Reza por ter dado a lus un príncipe a raiña doña María Luisa Gabriela de Savoia. No 1829 e no 1843 publícanse dúas *Letrillas* en galego, adicado a primeira ó casamento de Fernando VII, e a outra a Sabela II, ó declararse a súa maioría de idade; c'o gallo da chegada dos príncipes de Orleáns, no 1843; os duques de Montpensier, no 1852; e das persoas reás, no 1858, di Carré Aldao que “non fono escasas as composicións en galego ofertadas ós rexios óspedes”, entre elas as escritas por Pintos, A. Camino, Feixoo Montenegro, García Mosquera, Añón, Antonio de la Iglesia, Romualdo Casal, Montenegro Villamar, García Calvo, Domingo Gómez, Fernández Magariños, R. Pardo, J. M. P. M.

(*) Con Vázquez Neira pódense citar, no século XVII, ós nove poetas que con vinte coplas en romance galego, optaron ó premio ofrecido nas Festas Minervales, dispostas pol-a Universidade compostelá en honor e lembranza de Don Alonso de Fonseca, no 1697.



Universal a glosa de *Adiós, ríos, adiós fontes*. Antonio de la Iglesia é un dos que máis traballaron pol-o rexurdimento da nosa lingua. Foi quen dirixeu no 1862 o *Album de la Caridad* adicado ós Xogos Florales do 1861, escolmando e ordeando as poesías que nel foron insertadas, entre as que aparece *A Campana d'Anllóns*; e é ademáis, e por selo a súa autoridade non pode ter muita dúbida, o colector da extensa recadádiva de poesías, prosas, inscripciós, epitafios e documentos de todos os tempos na nosa lingua e da nosa literatura, recollidos nos tres tomos de *El Idioma Gallego*, onde ô pé de cada escrito consta o ano en que foi redactado.

Encol das rachadas esperanzas de Galicia cahiran os anos longos de silencio, que siguiron ós fusilamentos de Carral; e foi en *El Miño*, “o xornal que de xeito máis decisivo influíeu nos destinos do noso país”, onde “se reflexóu o espírito d’unha xeración” que tiña “como única tarefa a de crear unha nova Galicia”. As páxinas de *El Miño* acolléuse “canto conservábase de vizoso e fecundo”. Falando d’isto —no capítulo que consagra á súa dona en *Los Precursores*— é cando dí Murguía que cada un escolléu o seu posto, e que Rosalía, como a muller gala, siguiunos ao combate. ¿Colaborando a par d’eles nas columnas de *El Miño*? Nunca o saberemos de certo. Do xornal vigués, “a única colección que quedaba vendéuse ô peso. Co-ila foise todo un pasado” (Murguía). Mais á muller esforzada, que acompaña ós seus nas luitas literarias, témola na *Corona fúnebre*, que no 1859 adican os poetas galegos a Aurelio Aguirre. Nos dazaoito traballos que contén, ocupa a poesía castelán de Rosalía, o primeiro lugar.

La Oliva e *El Miño* foron sustancialmente o mesmo xornal c’unha vida de preto de vinte anos, según Murguía. *El Miño* publicóuse —dí Carré Aldao— do 1857 ô 1868. E é na imprenta de Compañel, editor de *El Miño*, onde se imprime a primeira novela de Rosalía, *La hija del mar*, no 1859. ¿Deixaría este xornal de reproducir *Adiós, que eu voume*, publicado no *Museo Universal* de Madrid aquel mesmo ano? Pode afirmarse que non. ¿Colaboró despóis Rosalía en *El Miño* publicando algunha das poesías galegas que d’aquela viña comendo, sabendo que na imprenta de Compañel é onde se editan *A mi madre* e *Cantares Gallegos* no 1863?

No *Album de la Caridad* (1862) recóllense cinco composiciós de Rosalía das que han figurar un ano despóis en *Cantares Gallegos: Adiós, que eu voume, Castellanos de Castilla, Nosa Señora da Barca, Airiños, airiños, aires* e *O caravel negro*. Non pode afirmarse que fosen solicitados á autora e por ela remitidos, porque “casi todol-os que figuran” no *Album* foron tomados de “impresos”. (*Album de la Caridad*, pág. 476). ¿E de ónde puideron tirarse os de Rosalía a non ser das

columnas de *El Miño*? De ser así, a súa influencia nas letras galegas deixaría-se sentir con anterioridade á saída de *Cantares*; e no que a Pondal se refire, non sería unha influencia sinxelamente literaria; nela interviría tamén a vella e fonda amizade, máis que cordial, íntima e fraterna, qu'ó vencellaba a Rosalía e Murguía; e a glosa de *Nosa Señora da Barca*, por tratarse da descripción da romaría máis típica e sonada das bisbarras onde Pondal vivía e fora nado, que viría a lembrarlle o tristeiro suceso que no vran do 1852, días despóis de celebrada a famosa festa, enchéu de luto o seu corazón e puxo en perigo a vida de Rosalía⁴.

Non pode estranar que Pondal, preto dos sesenta anos, diga â Pardo Bazán que *A Campana d'Anllóns* escribéuna sendo “muy muchacho”. A expresión é ben vaga e imprecisa. Quizáis o que quixo decir e que era mui mozo, e ôs sesenta anos, os vinteséis, son plena mocidade.

4 Rosalía fixo desde Santiago a romaxe â Virxe da Barca no agosto do 1852, cando tiña quince anos e medio. Desde tan lonxe e só por devoción. ¿Invitada por alguén d'aquelas terras? Alí asistíu a un baile c'o qu'a boa sociedade muxiá agasallóu âs rapazas da vila e âs forasteiras. ¿Qué amizades podía ter en Muxiá? ¿Quén lle ofrecéu a invitación e foi co-ela? A esas reunións de serán, as meniñas soen ir unhas c'as outras, en grupos vencellados pol-a amizade ou conecemento. Eduarda Pondal, da mesma idade que Rosalía, está tamén nese baile, é de supoñer que na compañía de seu irmán, mozo acorporado e garrido de dazasete anos e medio, poeta, estudante de meiciña en Santiago e que poucos anos despóis ha ser con Aguirre, “xefe do movemento literario do seu tempo” (Murguía). ¿Non iría e estaría Rosalía co-eles? D'ise que cando contaba quince anos, ou sexa uns seis meses antes d'ir a Muxiá, desempeñóu un papel n'unha obra teatral no Liceo de San Agustín. Da que escribéu os seus primeiros versos ôs once anos, ben se pode admitir que ôs quince teña feito lecturas e recitacións privadas, e quizáis tamén algunha das públicas, que se lle atribúen no literario Liceo, do que Aurelio foi figura sainte, e ô que pertecéu Pondal.

É ben difícil que para o futuro autor de *Queixumes dos pinos*, pasase inadvertida naquela vida íntima de Compostela, a persoa ou o simple nome de Rosalía; máis aínda admitido que Pondal non-a tratase nin conecese, vai saber d'ela agora e asociar a poetisa santiaguesa a un feito luitoso, que ha encher de tristeiros recordos a súa vida de arredamento.

O outro día de celebrado o baile, Eduarda e Rosalía sentíronse enfermas de tifus. Pol-as dúas houbo na vila en festas, verdadeiro sentimento. A irmá de Pondal finouse. ¿En Muxiá mesmo? Pode ser, porque a doenza presentóuse de socato, “cahiron como feridas pol-o raio”.

Mais de non habere tido realidade as lácimas suposicións basadas nos feitos expostos, Pondal tivo que conecer e tratar despóis a Rosalía, pol-as suas sonadas e brillantes actuacións no Liceo, e pol-a amizade que ela tivo con Aurelio Aguirre. O trato e conecemento de Pondal e Rosalía non pode porse en dúbida: amizade vella e chea de risoñas lembranzas do tempo que ninguén esquece.

Nas cartas, que de Pondal se gardan na Real Academia Gallega, dirixidas a Murguía, non se esquece de enviar agarimosos saúdos para a autora de *Cantares*; mais nunca, â dona, â muller do bon amigo, senón sempre, familiar e amistosamente, para Rosalía.

Saralegui e Medina atribuíe a *O desconsolo*, *Nai chorosa* e a *Campana d'Anllóns* “a gloria de teren aberto de novo o tempo das musas â fala de Alfonso o Sabio e Vaqueiras”; mais, no que á composición de Pondal atinxe, pode sel-o, e isto é indiscutible, pol-o mérito e popularidade, pero non pol-o tempo.

O “venturoso exemplo” que movéu a Pondal a escribir en galego, poida non sexa outro qu’o da autora de *Cantares*.

Son merecentes, dignos de gabanza e agarimoso e perdurante recordo aqueles cultores de poesía galega, que teiman sós na sagra anqueira de abril-as portas de ferro do castelo encantado, onde o espírito da raza mora coutado e infrutífero, e dan ategados de entusiasmo e esperanzas, o pulo primeiro, entre as oposicións hostís dos que, de costas ô sortir do sol da súa terra, sinten luxados os seus labios, en baixa a súa distinción e en mingua a súa cultura c’o uso da língua dos seus país.

Emporiso todol-os esforzos realizados deica agora para erguer a fala, non conqueiron máis categorías qu’a d’un ensaio luminoso e meritório. Os tesouros desvalorizados, despreciados e dormentes esperan aínda a voz que desperte, gloriosas e trunfales, as doces armonías da nosa língua, onde moran choídos na estreitez e na limitación, o noso pensamento e o noso sentimento.

O cultivo da fala “era o meirande ideal dos que se perseguían”; “soñáranse muitas cousas imposibles que chegan a ser realizadas”; pero “a que críamos máis difícil e máis necesaria era a do emprego serio, nobre, axeitado, do noso idioma na obra literaria, para que así a voz tivese eco, acento a canción, cor a peisaxe, alma a patria” —di Murguía en *Los Precursores*.

Esta dificultade, este imposible, este impeitizo sin arranxo, que semella irrealizable, vaino a vencer cumpridamente unha mociña santiaguesa de vintetrés anos, polo camiño do amor e da suidade.

* * *

Rosalía era alma sedentaria, enraizada na entrana mesma da peisaxe e da peisanaxe, âs que vai unida con corre de ouro, que nada pode desatar. Vivía xa do zume e do celme dos seus eidos nativos cal se fosen parte integrante do seu ser.

E un día a maraxe da vida empuxóuna e batiportouna âs praias lonxanas da soedade e do apartamento, a vivir e sufrir nas chanzadas desertas de Castela. Rosalía levaba a Galicia na súa alma, vibrando nas cordas da imaxinación e do

sentimento, e cando a Galicia real lle faltóu —e no seu ser aleixoado, a suidade se tornaba morriña— non podendo vivir sin ela, tivo que buscar-o contacto espiritual c’a súa terra, e tirala dos corrunchos do seu corazón, onde vivía acochada nos sons da lingua materna, en visióis de paisaxes e mariñas, amores e romaxes.

Unha serán de primaveira cruzaba as terras soedosas e valeiras, a onde sahirá en van a espaxer o seu espírito dolente. Era a hora de sol-pôr, irmá dos corazóns en melancolía, a hora da lembranza suidosa na que as almas maguadas fan do recordo acariñante a ledicia da súa dor.

Aló, tras do Guadarrama, mui lonxe, estaba a súa Galicia cubizada, que se abría na súa mente nun xurrar de fontenas e regueiros, nunha evocación musical de melodías de alalá, estiricándose pol-as veigas húmidas e vizosas. E ô seu arredor, o acougo, o silencio e a monotonía. Do duro contraste xurde no seu espírito a afirmación dos valores negados e despreciados da súa terra, e alí mesmo “sintéu a necesidade de escribir e publicar un libro no que se reflexasen con toda a súa poesía e enxebreza, as paisaxes e a vida enteira da xente do noso país” (Murguía).

Ela sentíase unha emigrada, navegando a muitas legoas do seu lar pol-o mar quedo e petrificado da chaira vouga, que se ondula nos tesos sin rumores nin movemento, e érguese nos páramos desertos como vagallós en acougo; desnortada e enferma, sin mais brúxula qu’a chamada dos eidos qu’a atraen como un longueiro asubío das serenanas nórdicas, ô porto acolledor da súa terra, meiciña dos seus dores morales e materiais, consolo único do seu corazón ferido xa, na fror da súa idade, pol-o degaro e a dor.

Aquela serán de primaveira, Rosalía, atristada e murcha, chega á súa modesta vivenda e colle a pruma para escribir a súa primeira poesía en galego: a despedida do emigrante. E nas cuartillas cai, como unha doce chovisca de suidade:

Miña terra, miña terra
Terra donde m’eu criei,
Hortiña que quero tanto,
Figueiriñas que prantei⁵

5 Esta poesía non debéu ser concebida como unha glosa. A cantiga popular que agora se lé á súa cabeceira, non aparece no *Album de la Caridad* nin-a tería tampouco cando foi dada a conecer en *Museo Universal*; debéu ser posta despois. Rosalía atribúella na súa totalidade ô pobo; pero poida que non sexa d’el máis que en pequeña mera. O primeiro verso *Adiós, ríos; adiós fontes*, lése no belo romance *Albuela*. O primeiro verso é popular, e os outros tres poden ser da mesma Rosalía.

Da súa alma “deita en silencio a fonte da Lembranza”; “a branca pomba do Sant Grial baixa do ceo luminoso, arelante e cubizosa de apagar na terra a súa eterna de renacencia e creación, e aletexa encol da súa fronte” (Cabanillas). O malvís da suidade, que noutrora escoitara absorto San Ero, degrae no seu corazón o trino méldo e divino, e todol-os tempos da nosa vida literaria se fan un: xúntase o pasado c’o presente, e vencéllanse c’o porvir nun valor radioso de eternidade.

Vaise a renovar o misterio creador no santo cáliz da nosa fala enmudecida, que contén o sangue vivificante do noso espírito. A alma galega vai a tomar novamente carne musical nos acentos lenes e manseliños da linguaxe do povo.

Entón a suidade de Rosalía xa non foi a súa suidade, a que ela sentía como expresión dos seus persoales afás. Foi a voz resonante e imperiosa da terra galega, da alma de Galicia en degaros de perpetuación da súa vida, anovada pol-a man manseliña da arte. Xa non é Rosalía a que fala. Tremelucen nun espreguizo cordial, todo amor, as esencias específicas do noso ser, remanecen todol-os anceios de rexurdimento, que dormían o sono secular na friaxe infecunda do esquezo, no acougo resignado e silendeiro d’un longo inverno sin sol de espírito, que levara os frutos â maturidade.

Estamos asistindo â alborada esplendente, ô despertar vizoso da alma de Galicia, que vai a circular novamente, tocada pol-a man milagreira de Rosalía, pol-o canle musical da súa forma de expresión propia, atuído pol-a incompreensión e o malquerer. Estase abrindo novamente, nun gurgullar de lus de porvir, a nosa fontaiña poética, lírica e sentimental.

Arredóuse do medio no que vivía, quedóuse só, escismando nas gracias e sofrementos da súa terra, pensando para sí, falando só consigo e c’o seu corazón; veuse interiormente, e prescindindo do superposto, do que era nela só embrullo aparential do seu espírito enxebremente suidoso e galego, quixo asulagarse no fondal da súa alma núa, espida; reconcentróuse no seu íntimo, abstraída nas aloumiñantes contemplacións dos seus amores; e nesta agarimosa introspección atopouse a sí mesma nas dozuras e armonías da súa fala materna, que era o feitío da súa alma, pensou por sí e pol-a súa terra na língua que de meniña formara a sustancia do seu corazón, veuse independente, envolta no resplandor divino da lus creadora do orixinal e inédito, e sintéu decorrer pol-a súa alma artista e poeta, todo o caudal de feitizos e galanuras da terra mai, nun esvarar ceibo do sentimento pol-o canle sonoro do seu idioma.

O popular, o refugado por vergoñoso e inútil, o primeiro, porque no popular, na alma do povo rudo, sin requintes de civilización; mais c’un linguaxe e unha


cultura xermoladora que non debe a ninguén porque foi por él creada e sosti-da, soubo Rosalía hachar o instrumento axeitado do seu numen, puido ver ela os elementos non sinxelamente formales sinón sustanciales, precisos e deguro para a súa obra artística. Na paisaxe benamada –mar, terra, sol e névoas– na riqueza folk-lórica –traxes, bailes, traballo, ditos, lèndas e costumes– froecía toda a forza pintoresca, leda e colorista, reveladora do noso espírito, que la-textaba concretándose na fala, no cantar e na barcalesa, nese tremer emocional que ninguén pode extremar dos vocábulos, sons e matices íntimos do propio idioma, delator da nosa estrutura anímica, e que son o nervo e vida de toda obra literaria expresiva das esencias máis exquisitas da alma do povo, e onde a propia voz pode adiquirir e erguer o seu tono típico, orixinal e diferenciador.

A que tantas cousas persoales, íntimas, leva acochadas no seo armonioso do seu corazón, marcado pol-a providencia c’os riscos inconfundibles do noso espírito, vai a facer renuncia de sí mesma para sentir e cantar somente o que o povo canta e sinte, na máis estreita comunidade de afeccióis e pensamentos. Vai a sel-a xentil cantadora de regueifa nas bodas líricas do idioma e mail-a arte; a panilleira ensoñadora que ha facer bailar, entre os dedos habelenciosos do seu espírito, a beleza esencial da triada e da cantiga para trezare c’os fíos do sentimento e da armonía, os encaixes feitos e albiños, sollosos e doridos da vida e da alma de Galicia; a rosa bermella como un corazón, qu’a man de Deus escochou da vella roseira para qu’a terra qu’a enxendrou e acalentou, se embriague agora c’os seus ulidos sutís, que arrecenden d’unha lingua que é d’ela porque a recibeu do seu povo “e foi recollida pol-o seu corazón como herencia propia” para que descorrese o veo que encubría a fonte eternal de onde deitan os nosos destinos históricos.

Deus fíxo a suidosa, e por suidosa, amorosa; mais o amor de suidade é amor de dor, dor racial, conxénita, que dá tono ó fondo da súa alma, íspea de todo egoísmo, báña a en tenrura e sacrificio, faina exquisitamente sensible e doída, e achegándoa ós sofremientos alleos, lévaa a sentir como seus todol-os males que aqueixan â súa terra e â súa raza.

Conformouse c’a súa dor, amóuna, asulagouse nela, e fíxo a razón da súa existencia; mais ante os dores do seu povo, non dibuxou o sorriso dubidoso e inhibitorio do deixar facer. Ferindo â súa terra ferírona a ela mesma, sinteuse a “ferida de todos”, e enteira e destemida, ateigada de enerxía e dignidade, erguéu a súa protesta airada contra a inxusticia e a falsedá, e constituéuse en defensora esforzada do seu país maltreito.

Por iso escribe nun degaro femente, fillo do seu exaltado amor, d’unha Galicia digna e respetada, c’as consideracióis que se lle deben, libre dos erros e



baixas vulgaridades que lixugan e enfouzan o seu nome; nun desexo de “cantar as belezas da nosa terra naquel idioma soave e mimoso que queren facer bárbaro os que non saben que aventaxa âs demais lingoas en dozura e armonía”; quere dignificar a fala, amosstrar a propios e extranos cales son os nosos meirandes e lexitimos méritos, e qué virtudes se acochan na nosa alma, para qu’a súa terra a escoite, se dignifique e erga, e sinta o nobre orgullo do seu valimento; vai a demostrar cómo “a nosa lingua non é aquela que bastardean e chapurrean torpemente nas máis ilustradísimas provincias; qu’o povo galego non é insensible, extraño â divina poesía”, “e cómo o noso dialecto doce e sonoro é tan apropiado como o primeiro para toda clas de versificación” (Rosalía).

Fala de nós, por nós e para todos, en arelante e sentida cubiza de reivindicaciós, pois débese por esclarecer as tebras que ombrexan o noso bon nome; e faino na lingua escura, acurrunchada e escarnecida, porque ela é a voz do noso espírito, o esplendor do noso ser, que Rosalía via presente e deslumante na espontánea actuación do seu povo, dando expresión, cor e quentura â vida dos seus pensamentos, afectos e voliciós, como factor inarredable da súa sensibilidade poética e musical.

A fala é o manxar de que se nutren a intelixencia e as afecciós; é o pensamento e o sentimento trocados en sons e armonías. Rebaixal-a fala é rebaixal-o espírito e o corazón, botar de perda o concepto do valer persoal e a fe nas nosas mesmas forzas, cegal-as fontes das creaciós anímicas e pôrse a morrer por dentro na morte paseniña e vergoñenta das desconsideraciós propias e da burla e mofa do desprecio alleo, deica sentirse cativos, encolleitos, embazados na vida turba e desasurada con que Deus e a natureza premian o desleigamento e desamor.

O linguaxe é o licor das vellas cepas do noso espírito, qu’o povo galego foi expremendo no vaso do seu corazón para que fermentase en ulidos e armonías â quentura dos seus sentimentos, e fose o rego ollecedor das súas parcelas intelectuales e afectivas, cultivadas no amor e na ledicia, na dor e no traballo, en xuntanza estreita c’a paisaxe, no colo avalante e murmurante da natureza. Eis a fontaiña a xurrar que Rosalía sentía decorrer pol-os xardís orvallados da súa alma enamorada e ardenciosa.

Deica agora compuxo versos en castelán “para aliviar as súas penas reás ou imaxinarias, e para que sobre eles non cahira a ollada d’outro que non fose a súa mesma autora”. Muller de lar que desexa vivir consagrada as escuras angueiras familiares, sabe “que aínda lle non é permitido âs mulleres escribilo

que sinten e o que saben, e que aquela que se lanza âs revoltas ondas dos tumultos do mundo, é digna de xeral execración. Quizáis a que esto escribe sexa do mesmo parecer” –di ela.

Todo se opón e todo ha ser vencido. Os seus enxebres e entusiásticos amores a Galicia van a derrubar todol-os valos: a friaxe e xenreira con qu’os galegos ollan a súa fala, e os impedimentos que xurden da súa modesta condición feminina.

No 1861 celébranse na Cruña os primeiros Xogos Frorals. A fror natural, c’o dereito a elexir a raíña da festa, ofrécéselle á millor poesía que desenvolva o tema *A Galicia*, e que ha estar escrita no idioma rexional. Establécense ademáis, nove premios e catorce accésit para poesías e discursos, concedéndose ós autores o dereito a usaren xa o galego quer o castelán. E a fror natural non foi adxudicada; só se concedéu a Añón o primeiro accésit. E do resto dos traballos en número de once, que obtiveron premio, ningún está escrito en galego. No ano seguinte publícase o *Album de la Caridad*, onde se recolle o resultado do concurso e a obra de máis destaque na nosa literatura en xermolo. Despois, morto Alberto Camino, “todo era silencio en campos e cibdades”, a maoria, por non decir todol-os poetas galegos d’entón, escribían os seus versos en castelán. Aínda non chegara deica eles a idea de que puideran facel-o en galego”. Por iso a sahida de *Cantares*, no 1863, “foi como un latigazo que derrepente conmovéu a nosa pobre produción literaria” (Murguía).

Agás a labor de Pintos, xa citada, e o incruído no album devandito, os poucos versos compostos en galego xacían illados e espaxados nas follas esquecidas dos xurnáis e revistas.


“Un libro de trescentas páxinas, escrito no doce dialecto do país, era naquel entón cousa nova, e pasaba pol-o mesmo todo atrevemento” (Rosalía).

Cantares Gallegos é “fillo do amor exaltado”, fruto da santa tolemia patriótica que arde no seu corazón, e da que nos fala â hora da súa morte “o máis xenuino dos seus sectarios”, o poeta da lira torva:

qu’inda recéi pol-a probe da tola
eu que non teño quen rece por mín.

Rosalía é un exemplo de vontade enérxica, de decisión pol-a sensibilidade, trepando afouta por derriba das vergoñas abraiantes e das preocupacións baixas e noxentas, que afogan a alma do seu povo.

Ó marxe da seudocrítica pezoñenta, allea á rexuba firente a desleigada, Rosalía escoita a chamada da terra; e extravagante e só, abre os camiños solitarios.



C'a meiguice da súa voz fai espertar os ecos gloriosos da alma da súa raza, e a estrada deserta échese de rumores e cantigas, e a gándara erma ínza de roseiras frorecidas.

Entre os qu'a siguiron, “o primeiro pol-o tempo e vigor da súa inspiración” —di Murguía— “o que entróu máis antes no coro dos elexidos, foi Curros” que en xuño do 1869 escribe por primeira vez en galego a popular *Cantiga*, máis as afirmacións de Murguía han cimentarse noutros traballos poéticos que Curros puido ter publicado na prensa despois da data sobredita, e antes de lle seren premiadas no certame poético de Ourense do 1877, as poesías *A Virxe de Cristal*, *O gueiteiro* e *Unha boda en Einibó*, porque no 1875 publicara xa Lamas Carvajal *Espiñas, follas e frores*, d'aquela un folleto de cento catro páxinas contendo vintenove composicións, editado na Imprenta Galaica de Ourense, e cuia segunda edición faise no ano seguinte c'o mesmo número de poesías, na Imprenta de Propaganda Gallega.

Rumores de los pinos de Pondal sai á luz o 1877 con sesenta e sete páxinas e vinte composicións, das que dez son galegas e dúas bilingües, e no mesmo ano surte un folleto de versos no noso idioma, titulado *Volvoretas*, de Alberto García Ferreiro. No 1878 publica Pérez Ballesteros *Versos en dialecto gallego*, e Saco Arce, *Poesías* en castelán, nun tomo de catrocentas vinte páxinas con nove composicións en galego. Naquel encomeo, xa Benito Losada e Aureliano J. Pereira agasallaban ós gustosos da nosa fala c'os fruitos da súa inspiración⁶.

O glosario que Rosalía engade a *Cantares gallegos* é simultáneo ó dicionario de Francisco Xavier Rodríguez, inserto e editado en *Galicia, revista universal de este reino*, no 1863. Ó ano seguinte publica Meirás un *Compendio de Gramática gallego-castellana* c'un vocabulario e as súas fábulas. Saco Arce da a conocer a súa notabilísima *Gramática gallega* no 1868, e Cuveiro Piñol, o seu dicionario, no 1876.

E como “n'era cousa de chamal-as xentes á guerra e desertar da bandeira que eu mesmo había levantado” —di Rosalía— dazasete anos despois da saída de *Cantares*, no 1880, aparece *Follas Novas*, o libro das dúas dores, que deitan da fonte da mesma dor: a do seu espírito maguado e sedento e a das mulleres da súa raza, vítimas escuras do malfado que gravea encol da súa terra. Emporiso non porque vaia falar “das cousas que se poden chamar humildes” e “porque se exprica na nosa fala”. O que ela quixo “foi falar unha vez máis das cousas

6 O orde de aparición dos principás poetas galegos que siguen a Rosalía, establéceo Murguía así: “Curros, primeiro, seguido de Lamas; Pondal máis tarde, e despois Benito Losada e Aureliano J. Pereira” (*De la importante influencia que en su tiempo tuvo en Galicia la obra literaria de Rosalía de Castro*). Artigo publicado en “*La temporada*”, de Mondariz do 22 de xullo do 1917.

da nosa terra na nosa lengoa” e exprimer nela dorosa e docemente, as tristuras que amarguexan o seu sensitivo corazón; mais as dores do seu corazón, as da súa terra e a fala na qu’as verte, son xa a mesma cousa, pois é no idioma galego onde latexa todo o que ela bica e arrola na cripta do seu sentimento, capeliña na que aniñou o segredo musical da fala, e onde as fondas suidades doridas e doidas, tecidas de degaros e máguas, van a trocarse no sangue e no espírito da nosa terra, que moran na súa alma por lei de herdo, xestado na raza por integraciós e acomodaciós seculares, e no seu ser por intuiciós e axeitamentos providenciás do seu corazón vidente.

As ideas xerales, os pensamentos comús poden ser expresados en calquera idioma, mais cando se trata de verter a unha fala os sentimentos e pensamentos xenuinos d’unha raza, que viven acuruxados nos ancos do seu espírito, somente na lingua na que foron xestados e refeitos atoparán sahida e fiel representación.

Non hai nada que estea máis preto do espírito d’un povo qu’a súa fala, porque foi nela onde ese espírito se formou e abranguéu as súas peculiaridades deica constituiren un todo interno e armónico.

Pensamento e sentimento proíctanse no idioma, nel maniféstase todo o seu contido racial e afroran as esencias da alma colectiva, que fluien do corazón de Rosalía de xeito intuitivo, sinceiro e espontáneo, expresivas da visión certaíra, do ollar fondo e espreitador que lle abréu miragrosamente as portas da alma galega, para que, véndose a sí mesma, as vislumare no misterio das súas máis recónditas intimidades, para que as amase máis que se formasen parte da súa mesma vida, tal como se quedaran mexturados para sempre, nunha trasfusión de valores espirituales, c’os latexos do seu corazón, dispostas para ser reveladas na armonía dos seus poemas inmortás.

O idioma galego foi o parteador da súa alma. Todo o íntimo e racial dánolo Rosalía na fala propia, e foi nela e só nela onde puido expresar con acerto e xusteza a vida do seu povo, sel-a fiel encarnación do seu espírito e conquerire a súa máis outa e orixinal persoalidade, na que se cimenta o seu prestixio literario.

Mais na triste Galicia do seu tempo había pouco máis que salaios e baguas. O ouveo tráxico e arripiante da fame deixaba ouvir o seu ulular medoñento encol da chouza labrega; a ignorancia extendía sobre as nosas aldeas as súas mours aas de moricego, e a esperanza, que decote nos ri, cubrírase de luito para amostrarlle ôs fillos da fala e da vida anoadas, a poeira das estradas da terra e a mancha moura dos cabos que se alongaban no mar como dedos tráxicos, amostrándolles o camiño da emigración e da morriña.

Rosalía avistóu as “hordas errantes” camiño dos portos, c’a esperanza posta nos engados de alén-mar, ollóunas suar a fio nas terras abrasadas de Castela; cando tiña dazaseis anos veunas cahir sin amparo nin axuda, mortas de fame e frío, no silencio dos lares desertos e na lama dos camiños. Eran descendentes, vinculeiros do infortunio dos que séculos atrás, apadumados, domados e domeados, vagaron pol-os campos desertos da súa mesma patria, espidos e famentos, aburados por total-as inxusticias e exprotaciós, enxendradoras da impotencia, o recelo e a mansedume: e na rosa bermelliza do seu corazón, decote en degaros, avivecéuse, maguada e sangante, a vella ferida de dor de suidade, que a raza leva aberta desde o lonxe da lonxidade, “baixo o peso de vinte séculos de indecibres tiranías” (Murguía).

Galicia non foi feliz, non chegou a abranguer o grado de prosperidade qu’os tempos e os feitos anunciaran; a súa vida ficóu escfochada e esnaquizada sob as pontas ferreñas da desventura.

Non hai máis fonda e dorosa magua que a d’un povo c’as súas galas en fiaños e ruís trugallos. Nas vidas desfeitas todo semella roto, incumprido e desleigado, todo se enfeita c’os panos pretos e melancólicos da suidade: o amor e a ledicia, as lembranzas doridas e as esperanzas risoñas. E máis a Galicia rompéronlle tamén o vencello idiomático qu’a podía achegar ôs dons liberadores da instrucción e cultura propias; e o povo veuse isolado das influencias da fala cultivada nas lides do saber, apouvigado e senlleiro. Sin lus nin guía racháron-selle os afás comús, trocóuse en grea, en instinto cego e pasivo sin forza para os pulos dinámicos xeneradores d’un actuar conscente e intelixente que lle donase o orgullo de existir en si mesmo pol-a súa mesma virtude. Descentrado, rebaixado, semialleo ô seu medio, recibéu a cotio a dorosa e teimosa sensación de que todo o que el feito e creado élle máis que inútil, perxudicial; veuse obrigado âs concesións, que van tallando unha a unha as súas virtudes raciás e as súas belísimas e poéticas costumes, e vive, arrodeado de negaciós, na dúbida abalante, desnortado e soedoso, esligado c’a sede de ser, laiada queixa de non ter sido.

Rosalía ignoraba o por qué da súa dor; pero conocía ben as raigadas das dores da alma galega, que se nutre da lembranza e leva acumuladas no sub-conscente as xagas abertas dos sofrentos seculares: do pranto que ela enxugóu c’o pano húmido do seu corazón.

E cando a súa lira salaiaba nun tremer dorido:

Triste é o cantar que cantamos,
¿Mais qué facer se outro millor non hai?

o povo galego, como ela ferido e acorado, daba sahida ás súas faternas:

O meu cantar xa non viste,
canto para que non digan:
corazón ¿por qué estás triste?

Rosalía non foi ditosa como o seu povo. Os seus poemas teñen tamén o saibo amargurado dos amores rotos e incumpridos, de vida desfeita, de sede espiritual, de degaros de paz, benestar, aire e vida para o seu corazón malado, de medo ás traidurías da desgracia, qu'a azoraña c'as súas afiadas gadoupas rachadoras. Hai “no seu corazón —di Murguía— un non se sabe qué de valeiro que nada enche”.

Mais o seu corazón amantiño aínda puido hachar horas ledas na doce meiciña dos seus namoros. Quizáis pouco antes da súa morte, lembrándose do día, como ningún outro para ela feliz, do regreso definitivo ô seu lar, puido escribir, nun belo poema deica agora non recollido:

E alá estan c'os meus querereres
Tamén os meus máis fondos padecereres
Y as miñas esperanzas sempre vivas...

Mais os seus fondos padecereres van a espaxarse no gozo e presenza da súa terra. O emigrado ven camiñando noite e día, nas aas qu'a ledicia lle empresta, nun correr sin pouso, buscando a “dicha enteira” para o seu corazón en esperanzas. Cando foi chegado ô seu país, cando atravesa a súa porta —“Porta Santa”— cai de xionllos para unxil-o chan c'a devoción dos seus labios húmidos de baguas de ledicia. Canso, sin forzas para seguila sua rúa, fai dos mólidos beirales do Miño grato leito para soñar —arrolado por unha suavísima cantiga de auga— nas “súas penas que en boa hora xa acabaron”, mais xa cantan-as aves para que se espreguice.

Canto dormido aínda,
non ve a cara de Dios

na gracia reveladora da peisaxe; cando esperta entre o garular da paxarada e ruibéns aurorales, pregúntase si está na terra ou no ceo; e estensiado ante a campía verdecente, vendo montañas e debesas, aves e frores, e o Miño que na leda vixilia adormecéu maternal o seu corpo sin azos, envolveito o seu espírito en “visiós de groria”, vendo na face ridente e murmuxante da súa terra a obra xurdia do Sumo Facedor, exgrama cheo de fonda relixiosidade: “Es ti, bon Dios”. E, romeiro ofrecido dos seus eidos, pón no altar das súas devociós e dos seus amores, ateigado de fe e de rendimento, a súa oferta xenerosa:

Galicia, miña terra,
Mira o que te deixou,
que para ti enteiro
che trai o corazón.

Teme finarse c'a alegría, porque a alegría mata como matan os pesares, pide a Virxe que non-o deixe morrer antes de chegar cabo dos que ben quere, e despois, tal como se total-as esperanzas ficasen cumpridas...

Desque a todos abraçare
morrerei sin me queixar.

Veleiquí â Rosalía que “pra non sofrir abondáballe se lembrar de ser muller galega e campesía”; a que, cando “falaba c'os labregos e se deitaba na fondura do agro, xa non era un ego sofrente “senon” o corpo e a voz da Galicia labrega e mariñeira; a que sinte a felicidade de falar en galego e a eiscelsa calidade do paisaxe”; a Rosalía leda e satisfeita de que un día vos falou aquí, c'a fonda sabiduría do seu corazón, Ramón Otero Pedrayo, inducida, emerxida da propia sustancia dos seus amores, e que eu vos presente hoxe deliñada pol-a súa mesma pruma en riscos de meirande e máis fonda exaltación de amor a Galicia.

O valeiro que arrodeaba as fontenlas armoniosas do seu espírito suido, acugulouse muitas veces c'as raiolas de amor aceso â súa terra e â súa fala, que fan rir, choutar e cantar o seu corazón emocionado.

Emporiso Rosalía fixo da dor o embrullo das súas cubizas e das súas esperanzas; pero entroques, c'a súa terra, é o máis outo exemplo de amor e xenerosa fidelidade. O caudal poético da alma galega, escoando do seu corazón â súa pluma, ven a establecer, nun miragre de amor, o vínculo inviolable entre a raza e a fala, que é o canle da súa continuidade histórica, a forza que fai ôs povos frutíferos e inmorrentes na perpetuación da voz do seu espírito.

C'a fala limpa e sirgada pol-o seu temperamento estético⁷ danos a esperanza

7 Cando Rosalía escribe *Cantares* non hai libros galegos, gramáticas nin dicionarios. Para compor as súas glosas, emprega somente o linguaxe popular da Mahía, Santiago e Padrón, onde ela se criou e vivéu. Desta emposta o que se baila nas aldeas, é a muiñeira, cantada pol-as mozas ô repetoteo ruxidor dos pandeiros, que elas mesmas repinican camiño das festas e ôs domingos nas eiras. E non se canta sobre versos rítmicos de gaita galega, senón usando decote a cantiga de catro pés octosílabos ou a barcalesa repitindo un verso, das que cada rapariga sabe muitísimas, e tén a orgullo retelas na memoria e sabelas improvisar cando é mester. E é no cantar onde se entonan as “jotas”, alalás e regueifas, e as retesías, que nos tempos de Rosalía, e ainda ben anos despois, consistían en qu'as mozas rifadas e mal avidas, dirimisen as súas xenreiras, asaetándose a distancia, no prado, na fonte ou no río, con cantigas asañadas de aceda intención, c'as que se ferían longamente, locindo ô mesmo tempo o seu natural inxenio para cantaren e improvisaren.

do noso rexurdimento nun desexo ardente de qu'a súa terra esperte e se desprezice do sono secular:

¡Ei, Galicia, a que dorme sonos d'ánxel
 E chora ô despertar
 Bágoas que si consolan as súas penas
 Non curan os seus mals.
 ¡Ou, Galicia, Galicia!; a arpa sonora
 Pronto descolga xa
 Da seca ponla onde olvidada dorme,
 Dorme a sigros contar.
 Os barcos fillos teus a voz levanten
 D'as cordas ô compás
 Y enchan o mundo armónicas y altivas
 Tan só pra t'alabar.


A alma do seu país latexaba agoniada na fala sin cultivo, e era deguro avivecelo para que a súa terra reemprendese o camiño ordeado ôs seus fis. Galicia vive no idioma por él é diferente e por ende existente, sin él non sería máis que un nominalismo xeográfico, unha palabra sin contido do seu, un povo sin releve, personalidade nin esperanza.

Expresión deste poético costume é a glosa da triada *Anque che son montañesa*.

Esta foi a principal escola de lingua e poesía galega de Rosalía. Producíase tan doadamente qu'os seus versos son verdadeiras improvisacións, e todol-os defectos de forma, enxebreza de linguaxe e ortografía que queiran sinalárselle, non poden terse en conta. Nuns versos tan cheos de verdade, armonía, emoción e sentimento, o desaliño, máis que defecto é gracia: a mesma gracia espontánea, sinxela e sin enfeites nin rebuscos con qu'o seu povo improvisaba o cantar e a barcalesa na lingua que ela amou ateigada de fe.

Engadamos que *Cantares Galegos* foi composto, pol-o menos na súa maor parte, en Madrid, e os poemas de *Follas Novas* foron “escritos no deserto de Castela, pensados e sentidos nas soidades da natureza e do corazón” —advirte Rosalía. O linguaxe, xiros e modismos xurden só das lembranzas da súa terra e da nenez, que na súa aima desfollan “as horas de enfermédá e d'ausencias”. As poesías galegas de Rosalía, feitas c'os elementos limitados do linguaxe popular por ela conocido, son linda obra de verdadeira creación.

E máis a obra en galego de Rosalía podía abranguer ainda un merecente valor de perfeccionamento si prumas discretas, cheas de respeto e unción, correxisen, simplificasen e unificasen a súa ortografía arbitraria, restituísen á súa primitiva forma, os muitos versos con erros e malfadadas e absurdas modificacións, das que deica agora ninguén protestou, e a limpasen de castelanismos innecesarios sin afectar a esencia do pensamento nin a rima e ritmo do verso. En *Cantares*, Rosalía escribiu: “*De palla en tronos sentados*”, e agora lese esta atrocidade: “En tros de palla sentados”. En *Follas Novas* dixo: “*Penas me quedan de sobra*”, e na edición do 1909 apareceu: “Penas me quedan d'abonda”, corrección na que non se tivo en conta nin o valor do modismo nin a enxebreza do linguaxe. E aquel poema de *Follas Novas*, ¿por qué ha titularse *Dulce sono*, cando Rosalía usou sempre nos seus versos a palabra *doce*?



O espírito galego nacéu e estruturouse no idioma, que el mesmo creóu e axeitou as súas modalidades. O espírito vive na língua, e a língua mora no espírito nun todo armónico e inarredable. Esta fala-espírito atinxe e abrangue as máis fondas manifestacións do noso feitío anímico, xenuino e persoal; nela están as esenciais e matices do noso corazón e do noso pensamento, e a expresión do noso traballo: está a Galicia verdadeira, racial e histórica, buligante e latexante. E iso non quere morrer. Vive desbotado, rexeitado, escurecido; mais non se fina. Non é somente unha fala, un xeito de expresión sinxela, é a vida enteira d'un país, é un espírito, unha cultura, que teima por rexurdir e ollecer, e fixo da poesía niño en cancións e frutos asollados para que o povo galego escoite a súa mesma armonía e comungue o manxar dos seus propios latexos.

O cultivo do idioma fará posibles as esperanzas e degaros do noso espírito. A morte da fala crearía a verdadeira suidade do imposible, o van e eterno cubizar na esterilidade tráxica da alma galega ô perdere para sempre o instrumento da súa facultade de creación na orixinalidade da súa personalidade espiritual e ediomática.

Os homes asénllanse e xúntanse, arreconchéganse e vecénllanse mais pol-a fala, que é o signo e sinal da súa raza e alento do seu espírito, que pol-o sangue común que decorre pol-as súas veas; e o meirande malfado, o gafoso meigallo de Galicia foi a división idiomática, que extremóu ô povo das xentes de cultura con autoridade no exempro cotián e no saber. D'ese arrendamento veñen total-as laceiras que acativaron e esmoreceron a vida da nosa terra.

Por iso Rosalía non fixo dos seus libros galegos vitrina de anticuario, traza e naftalina, emoción esvaída de mortos adimios. A que decote escribiu somente para sí, cando se produce en galego faino para alumear a vida en tebras do seu povo, ollando o porvir, e c'a esperanza de que aínda as almas humildes, "as multitudes dos nosos campos", que a moven a escribir, algún día a lean, e mediten.

No mesmo ano, 1880, da aparición de *Follas Novas*, surte *Aires da miña terra*, de Curros Enríquez, e no 1882, *A fonte do xuramento*, primeiro drama de costumes galegos en dous actos e en verso, orixinal de Francisco María de la Iglesia; no 1883, *Poemas gallegos*, de Manuel González, e tres anos despóis, 1886, publica Pondal *Queixumes dos pinos* e Benito Losada *Soaces d'un vello*. *Gallegada*, tradicións, costumes, tipos e contos, en prosa, de Lamas Carvajal, ve a lus no 1887, e *Saudades*, do mesmo autor, no 1889. *Chorimas*, de Alberto García Ferreiro e *A musa das aldeas*, tamén de Lamas, saen no 1890; e no 1891, *Cousas da aldea*, de Aureliano J. Pereira e *Rimas*, de Barcia Caballero. *Millo miudo*, de Labarta Posse publícase o 1896 en Pontevedra.

O diccionario galego-castellano de Marcial Valladares que recolle e arre-
quenta todo o feito por Rodríguez, Rosalía, Mirás e Cuveiro, édítase no 1884.


Xa loce e escentilea o sol da fala vernácula, espaxecendo as tebras que en-
volvían a nosa vida literaria. Derretéuse o xelo que aterecía e varaba o idioma
e as letras galaicas, e o risoño pomareiro decote a rir e frorir, que Rosalía levóu
a maturidade c’a morneza do fogo amoroso do seu corazón, agasállanos agora
c’os seus doces e abondosos frutitos arrecendentes, que gaxexan mel do noso
espíritu.

Rosalía é, pois, o xenio sublima que fai lus meridiana encol do tesouro es-
tético da nosa fala escurada na divina rusticidade das nosas aldeas, asulagada
sob as augas mestas da incompreensión e o desleigado e teimoso arredamento;
poetiza e ergue nas súas mas brancas e enxebres todo o que, por proceder do
povo pobre e ignaro, se tiña por baixo e despreziable, situô nos dominios da
arte, facendo do idioma cahido e desbotado a outa expresión das máis requin-
tadas belezas, e crea nel, de xeito definitivo, a nosa lírica moderna; é a precu-
sora das novas formas métricas da poesía española, *En las orillas del Sar*, o máis
orixinal libro de versos que se escribêu en castelán no século XIX, e que, unido
âs suas novelas, é o homenaxe de amor nobremente sentido â língua común,
que ha sel-o nexo que vincule a total-as rexiós hispanas nunha aperta de aga-
rimosa e fraternal españolidade; e recrea na fala galega —ovatesa esgrevia— a
nosa vella lírica, no que tén de sustancial c’a alma do povo.

As esencis dos cancioneros agroman novamente no seu corazón, e róm-
pense en rosal ourente e afroante, tremelando redivivas nos tres fios obrizos
de dor, amor e humorismo de quen está tecida a alma da nosa raza. Rosalía,
precursora, é tamén a continuadora da vella e gloriosa tradición da nosa fala,
transmitida pol-a alma inconsciente e instintiva do povo, de onde ela recibe,
como un rumor doutroa, a edosa cantiga de berce na que se arrolóu a nosa
infancia poética, e que especialmente a ela, alma sensible e predestinada, lle é
dado sentir e reproducir c’as mesmas notas, c’a mesma voz amiga, no mesmo
vello timbre familiar.

Rosalía é o eixo obrizo arredor do que converxe, xúntase e xira toda a nosa
vida e rexurdimento literario. É o providencial efecto da renacencia das nosas
letras, e é a causa venturosa do esplendor poético da segunda metade do sé-
culo XIX e do craror dos nosos días. Fai época: pecha un ciclo de fe, ofertas e
ardencias, e abre outro ateigado de brizas realidades.

“Non me teño por unha inspirada”, escribêu envolta no modestia qu’a nimba
e escrearece; mais a inspiración, que leva as almas a realizaren os grandes feitos



que abren as eras gloriosas na vida dos povos, é un misterio que ven do alto e só descende encol dos eleitos e predestinados, e únicamente se pouxa no xenio para unxilo c'a gracia e os designios providenciáis; e un resprandor lostregante que acende e ilumina os espíritos escolleitos, amostrándolles o camiño radioso que han seguir cega e fatalmente na revelación d'un mandato, que trocándose en femencia degoiradora, anula as oposicións da vontade e obra independente do querer como unha forza teimosa que goberna e dirixe. Rosalía foi así o xenio que fixo a descuberta dos segredos do noso espírito e das armonías da nosa fala.

Ela é a eleita, a esperada, a primeira entre os escollidos, a que quixo escoitar a chamada íntima e cordial da terra e da sanguinidade, e que soubo ouvil-as falas irmás, qu'a mandaban cantar como elas cantaban, na mesma llingua e no mesmo tono ardente e namorado, a qué recolléu a voz da terra lonxe da terra, a voz suidosa do amor e da lembranza sementeira das fondas cubizas, que poñen as almas en agarimosas vibracións.

Canto máis se arreda no tempo máis preto a temos de nós, canto máis lonxe a vemos máis fortemente a sentimos enraizada a nosa existencia, descendendo á nosa alma como lento orvallo espiritoal, que molla a nosa sede e échenos de esperanzas nas arelas de renacemento e prosperidade da nosa terra.

Como nos grandes feitos históricos, que sinalan os vieiros froridos da humanidade e dos povos, canto máis se extrema de nós máis grande, xurdía e lumiosa a apalumbamos e amorosamente a percibimos a par do noso corazón, feita decote presente e actualidade; máis radiosa e inmortal a dexergamos nos confís dos tempos, no onte e no mañán, no pasado e no porvir, como expresión da Galicia eterna que ha vivir decote no corazón suidoso dos bons galegos, como estrela lumiosa e vixiante do noso camiño, espaxando a negra sombra medoñenta que encubría e atafegaba as voces armoniosas do noso falar e do noso espírito, e que agora, feitas lus, nos levan a axoennlarnos ôs seus pés e decirlle c'as súas mesmas palabras:

En todo estás e ti es todo,
no noso corazón moras,
xa non-nos deixarás nunca,
lus da lus que nos namora.

DIXEN

VOCABULOS E ACEPCIOS USADOS NESTE DISCURSO, QUE
NON FIGURAN NOS DICCIONARIOS

ANVADO.— Dise da pranta, animal ou persoa que se vara no seu natural crecemento.

ANVARSE.— Non medrar, non abranguer o altor dos seres da especie.

ALEIXOADO.— Ferido. Eivado por golpe ou caída, con rotura ou perda de membro. Por extensión, a persoa esmorecida por doenza (Ortigueira).
LEIXADO, ALEIXADO, ESLEIXADO.

ALEIXOARSE.— Ferirse, tullirse.

APADUMADO.— Vencido e sometido.

APADUMAR.— Dominar pol-a violencia (Santiago).

APOLANTE.— Adx. Trepadora (Morgadáns-Gondomar).

APOLAR.— Subir pol-as ponlas, como os chícharos ou ervillas.

AREIRA.— Planta apolante chamada edra (Morgadáns).

BARCALESA.— Triada céltica, cantiga popular de tres versos octosílabos. Chámase barcalesa, por ser mui usada en Barcada e tamén nas terras limítrofes de Céltigos, Dumbría, Soeira...

BATIPORTAR.— Levar unha cousa a distancia por batido ou golpe (Noia).

CANTIGA.— Nas parroquias do Val Miñor dise cantiga e non cántiga.

CANVICHE.— Laboura de decrúa para semear de seguida o millo. Fana tres cavadores conxuntamente e â par (Val Miñor).

DEGURO.— De absoluta necesidade. — E vas â feira co-iste chover? — Teño qu'ir deguro (Morgadáns-Gondomar).

ESCAMALLADOS.— Dise en Santiago dos que conviviron noutrora con outros, e agora andan arredados. Dos que formaron un grupo de amigos que se desfixo, dise que andan escamallados. Dispersos.

ESCAMALLARSE.— Arredarse, extremarse. Dispersarse.

ESCARONDA.— Dise da terra de cultivo cando está reseca, sin lentura (Morgadáns).

EXTREMAR.— Arredar, apartar (Ortigueira).

MARAXE.— Mar bravo sin tempestade (Vigo).

MERA.— A parte que lle corresponde a un, no que se come, bebe, herda, etc. (Xinzo de Limia).

LEIVA.— Terrón que erguen, reviran e desfán ô mesmo tempo os tres cavadores que botan o canviche.

PAXARADA.— Conxunto de paxaros (Esgos-Ourense). PAXARIÑADA.

REPETOUTEO.— Palabra onomatopéyica expresiva do ruído do que roda ou se move encol de petoutos (Santiago).

SOCALCO.— Cada un dos escalos cultivados nas terras mui crebadas e costaneiras (Val Miñor).

Resposta do excelentísimo señor don
Ramón Otero Pedrayo



Señor Presidente,
Sres. Académicos,
Miñas donas, meus señores:

Remata de falar un poeta. Súas derradeiras palabras voan xa fermosamente lonxaas, sobr'os aplausos. Non debía falárase eiquí, arestora, unha palabra máis, e menos por mín. ¡Qué gran ben o silencio, don de Deus! No silencio xermolan na paisaxe galega os outos temas inmorrentes. As aas do silencio acariñan, ílas soias, as frentes ispiradas...

O poeta no discurso soupo alentare no mesmo amor e door do hourizonte de Rosalía. Grazas ô poder da simpatía e do afillamento espirtoal amparóuse baixo aquil treito por todas as incremenzas magoadado, morneouse n'aquilo fogar en cuias lapas brilaba o amor da Galiza. Chama o treito enxamáis negados ôs supricantes con moita necesidade e fame de arelanzas, ôs fillos ou amigos da nai desditada, fermosa e tenra.

Taibo soupo d'un xeito curto e maxistral definiñir aquiles dinos de participare no amor de Rosalía:

O galego que non fala
na lingua da sua terra
nin sabe o que tén de seu
nin é merecente d'ela.

Abonda co isto pra dibuxar un poeta e un home. Pensado e sentido por moitos soios por un, por Taibo, dito. D'unha maneira exemprar, como Tyrteo ou Simónides houbéranlo dito de ser eles galegos e galegos d'un tempo: "Da vella roseira". ¡Qué lonxe e qué perto aquil brilar dos lampos do ceo descuberto nas brumentas badías ronseladas por a nosa espranza! Álvaro Cebreiro dibuxóu a caricatura e máis o ex-libris. Álvaro Cebreiro, por os anos non magoadado e tampouco – ¡menos aínda!– por a desesperanza. Segue gostando o viño verde e o viño refeito e requintado dos autores portugueses. Víveos na aitoalidade. Ous cecáis n'outra aitoalidade. A rexida por os nomes de Leonardo Coimbra e Teixeira de Pascoaes...

“Da vella roseira”. Voan no ar tépedo e levián as cantigas. Son de xardín e de frol de xesta, de fiuncho e de rosas de finos recenderes. As veces abrochan en acertos coma o citado. Lema e mote no escudo da dura loita. Ben está nos beixos mozos e non desdí nos vellos. A terra e a fala, supremos amores e consós...

O vento, ínada nas ingratas gándras, trai as follas das rosas e seus recendos. Non queremos facer crítica. Seguimos o consello pechado na derradeira triada d’aquil libriño fremosiño, valente, doncel:

¡Ai qué tristura, ai qué dor,
ver segare unha roseira
cando vai a dal-a flor!

Un libro de versos estase sempre facendo. Cos soles e as lúas, cas bágoas e os noxos e as ademiraciós dos leutores... Emporiso non é por ise vieiro o noso pensamento. Son cousas pra llas dicir a Taibo paseando amodiño co íl por os camiños entre renques de finos esteos da terra fidalga de Gondomar. Océano bruante, o ímpedo das Cíes xurdindo das olas cecáis com’unha elexía da Atlántida e aquela vella e celmosa dozura do paisaxe. Crebar aquil seu silenzo e falarlle dos novos poemas d’íl agardados onde se non sabe ben onde, pro alenta n’un agardar.

A roseira do xardín de Taibo garda pro un próisimo futuro, súas rosas mais belidas pra consoar e alongare o outono...

Non viñemos a facer crítica. Nin eiquí nin e ningures. Outo e fondo respeito merecen os poetas. Pro tamén hai pombas amostradoras de preferenza por detremiñadas ramaxes. Voan pra nós dúas pombas do libriño de Cantigas de Taibo:

O río morre no mar:
ditoso d’aquel que expira
no colo de sua nai.

Outra, fermosa, saudosa, moceira, de mociños. Poidera ser o lema d’unha pura escola de poetas de menos dos vinte c’un gosto orixinal da mañán e o destino:

Soliños na nosa barca,
as nosas ansias por remos,
de timón as nosas almas.

É de bon tempo moceiro Victoriano Taibo. Entón cada un traguía o acento e o pular do seu hourizonte e asin foise refacendo Galiza.

Si ainda houber quen chatara de ordinareza ó galego –cando se non empeña, que é destróilo, en ser ordinario– abondaríalle ca lectura, millor a decramación de versos de Taibo. Pensados e ditos, de forma labrega, teñen a finura i-eleganza do mozo galego, do mozo grave, traballador, dono do seu silencio e da súa forza sabéndoa aforrar e semellando homildosa. Isa curtesía gastada, ás veces, por eles con quen n' é dela merecente...

Curtesía e finura de sentimento é fala sen nada de literario nos versos de Taibo. E nos versos de loita, de diferente saudade e apelazón heroica. Enxamáis noxento nin canso. Alguén podrá pensar coma sendo Taibo do millor herdo compostelán a finura no sentido e no dicir son de nación n' il:

Rechégate alá, rillote,
e ten qued-al-as manciñas,
nacín na Rapa da Folla
i-ouvin-che total-a prima.

Tamén espertóu Taibo pra descubrir o sol novo nos “Agnus Dei” das eirexas e mirar o día fulxente apreixado en holocausto vivo de lus no fondo das naves barrocas. E tamén pra saír á campía:

Fun a feira de San Marcos
a mercar un xugo novo,
prende-me d'unha xeitosa
e si me non caso morro.

A antoloxía das rosas do pobo vai adicada a outro grande mestre na cenza e na arte das roseiras do esprito e seus recenderes gardados no vaso da estrofa: Ramón Cabanillas. E Ramón Cabanillas e Gonzalo López Abente apadriñan, Cabanillas c'unha requintada e arelante sonata irlandesa, López Abente c'un tanxir de campañas de páscoa poética, o libro máis soado de Victoriano Taibo: *Abrente*.

O primeiro dend'a terra de Mos. O segundo dende a terra de Muxía. Sol novo nos cotos e nova e baríl cantiga nos beizos.

Tod'a vida e mocidade, a esperanza e os recordos alentan n' iste *Abrente* chamado asín por a seguranza con que os bos raios do sol espaventan os noxentos nubarrós do mal. Campía e vila, o problema de onte e o de hoxe tecido ca eterna disiuntiva de cada momento... Os versos, como as campás, teñen sons purificadores.

Sofre e non oculta o poeta seu sufrir. Canta Irlanda. A comunidade de orixes dos pobos celtas atopa n' iste poeta de Compostela e de Galiza un chantre de

leial, rexo e namorado curazón. Así lembra ós amigos mortos e un pondalián acento vibra no recordo. Sabe falar, poucos o souperon, con Manoel Antonio, “o raro”, o admirabile, do raro e admirabile Rianxo, rico en brasós, mariñeiras e xenios:

De cote adiante!
A esculcar-degarando-a cubizar-asenllando
Vou onde as augas van.
Nos redemuiños
do vento
do río
da brétema
e do mar.
Rua do Misterio
Rua da Saudade
Camiño da miña Terra!

Falan os pelegrinos camiñando. Non saben qué doce consóo os refai e fortalece os membros cansos. Hastra que sai a lúa:

Por hirtos penascaes rompendo vai a lúa:

Saudade.

O paisaxe, como a maneira de Saudade de iste poeta de Compostela, e de Galiza e da mocidade sempre cerne, serian merecentes de longos comentarios si non soupéramos como o silenzo afonda á Poesía que no silenzo chega a conquistar nas i-almas seus fitos desexados... Lingoa ô tempo antiga e nova. Causaba eistraneza ista contradizón, soio aparente, nos soio portadores da códea gramatical e non do perfume, gracia e sabor da boa fariña ben peneirada. Nova e vella, com’o poético idioma vivente de todos os mozos merecentes de ser poetas, de todos os poetas merecentes de seren mozos. Un ecoar dos cancioneiros por os sons da ialma, non por pedida erudizón-e atal outras cousas... Pro *Abrente* fala de por sí e os nosos recordos e glosas, honrados e verdadeiros, fíxanse no impetizo da amizade e da poesía e seu vivir. Non sempre hai a man palabras pra dalas ô vento...

O erguer nosa voz d’amigo responde no poeta outra voz de amigo. D’ises que non precisan escribírense nin falárense en longos anos. Pois a súa amizade por riba e por baixo das coordenadas de tempo e de espazo latexa na zona abisal e no cumio etéreo das i-almas.

Victoriano Taibo entra hoxe no seu fogar. No que tanto tempo fai que agardaba por íl. N'a Academia que por o máis pequeno dos seus membros dálle a aperta de benvinda.

Tén nâdo ista Festa de amizade e lembranza co discurso de Victoriano Taibo baixo a costelazón de Rosalía. Estrelas centileantes ou lumiños dooridos. Sempre un locir sen morte as estrelas de ela desexosa do consóo i-esquecemento da morte. As Hyadas ventadoiras das invernías nos poetas latinos, tristes pr'os navegantes e os labregos, ou as Pleyades, setestrelo de venturanzas, entramos contrario signos xunguidos por o ritmo e metro no mesmo verso das *Geórgicas* cobrilante lume nórdico, chama boreal de Arturo:

Pleíades. Hyadas, claramque Lycaonis Arctón.

¿Qué n'istes intres poidera coutar de decir unhas verbas íntemas e fondas sobor de Rosalía? Ela soupo falar pra todos os galegos. Atal de "hoxe" a súa poesía como no "hoxe" de cando procuraba o acougo do bosque de San Lourenzo ou cando magoada de soidades maxinaba Compostelas de lus. Arousas tremolecentes, lonxanías de outonos galegos nas fantasías dos poentes en lonxaos hourizontes eistranos... Como dinantes de ela e despoixa de ela... Agasallos e lembranzas pros sabidos e pra os non letrados, pros namorados e os desengañados, pras mociñas raiesas e os vellos no serán do seu día, bulen e ferven nos poemas rosalianos. Semellan feitos pensando en cada un de nós. Verbas e sons irmáns nosos si a melancolía enneboeira o espírito e fai atoutiñar a vontade, e tamén si nos deixamos levar por a grave legría da festa do pobo labrego, na pelerinaxe e no turreiro, nas noites acesas de mitoloxía por a lapa beiladora do fogar, nas pousas silendeiras do traballo e sen desenrolárese de ledizosas e lembradoiras maxinaciós.

Atal é de fidalga e caridosa connosco. Confesora e doutora de doores e suidades no almanaque poético acolle a cada un de nós no veo tecido ca súa door en fios do novelo da vida. Con cada un figura consoárese e nos consoar. A door, door de suidade axunta. O non dito por os máis, por tudos, menos ela, fai de Rosalía poetisa do pasado e do presente. A crítica tén de s'axionllar ou afatárese da soleira de aquila porta, da chouza e casiña paisana de Rosalía, fogar de bágoas deitando unha a unha na cinza gardadora do lume inmorrente. Cinza que mornea máis do que o lume estralante. Amizade e irmandade na door âs beiras do misterio.

Por iso dixemos dinantes —e non por orgoleza ou vaidade— ser precisas n'iste istante solene unhas verbas íntemas e fondas. Pois soio a verdade do

sentimento, do sentimento noso, homilde e noso, pode respondere á irmandade da chamada de Rosalía ô noso curazón.

Mais por si alguén e cecaives alguén dos millores poidérase laiar de máiña cantinela da door de Rosalía, pregámoslle unhas noites de cavilazón, no seo da noite galega, perto dos misterios esenzales, sin prexudizos literarios. Pregámosllo por saber de contado que sendo home verdadeiro, ha descubrire as raíces da poesía de Rosalía n'unhas estaxes de fondura do espírito galego onde en silencio e condizón non se misturan, sinón que aínda se non teñen desviado as primeiras arelanzas do coñecer e do sentir, da intelixenza e da maxinazón criadoras... Unha estaxe do espírito, fontela orixinaria, ialba, impeitizo, lonxe da idade e con todos os zumes da historia, lonxe da esprenza e con a seguranza guiadora da esprenza... Poesía e filosofía n'un puro abrete con orballo de bágoas... Entón, diráse, pesimismo centroso, aisoluto... Pro deixemos pra despóis iste probrema. Victoriano Taibo amóstranos a Rosalía vivindo, alentando, na peisaxe, a peisanaxe e a fala. "Amar a peisaxe, a peisanaxe e a fala c'a intensidade e desinterés con que Rosalía as acalentóu contra o seu corazón foi asentar as súas ensoñaciós no terreo da realidade, e encararse ca Galicia íntegra, real e viva, beber na única fonte que podía matal-a sede do outo e nobre ideal que se debecía por ser carne do seu corazón e lus galega no seu espírito..."

Confiados no amparo do poeta imos glosar na memoria dos logares algús momentos do pasar de Rosalía por a terra nai de Galiza. Teimaremos vivir n'algús dos seus peisaxes. Calquera d'eles abondaría pra revestila da carne e do sorrir, das formas e da lus galegas. Da forma, temos dito obedecendo ô mandado de unha categoría lóxica. Debendo escribir as formas, o devalar i-encadeárese das formas... Tendes enxergado os veos do chover ondeando, envolvendo, acariñando o baril erguemento de Compostela, i-o longo ecoar nos recantos de cráustros e quintáns. Tendes cousiderado dend'o antigo castro de Santa Susana as lampadas de sol e os xogos da neboeira nos piñeirales da Mahía. Co sol e ca neboeira, espidos ou verdecentes, os arboredos sinalan o correr das augas. Sinalan os camiños da saudade de Rosalía. Descen as augas do Sarela e do Sar. Máis abaixo do "fermoso campo de Cornes" onde ela consideraba nos ialbos lirios a beleza fuxitiva do mundo, o Sar vai sendo o río soante e mimoso do val a cada paso franqueado un pouco máis â espranza do mar de Arousa... Priguizosamente as formas do val devalan nas da ría. Ruben e descen as aves mariñas com'as primaveiras e os outonos. Os xardís do Padrón, sensitivos fidalgos, sotilizan, alquitaran e requintan as cromáticas do peisaxe. Nas follas das oliveiras do adral de Santa María Adina treman, apreixados, refrexos de lúas melancónicas, de lúas ledizosas... O Sar foi o compañeiro e o espello, o

consóo e o sufrir da vida de Rosalía. Baixouno e rubiuno, na realidá e no maxinar en todos os posibles estados do espírito... Calquera d'iles latexaba c'unha door ou unha lediza da súa terra galega. Pois era o espírito de Rosalía quen s'adoitaba ô ser e maneira d'aquil camiñar...

Agás de pouquiñas referenzas –algunhas do Miño– quén ambizoar atopárese ca levián fantasma de Rosalía nos escearios da súa cósmica door e grandeza tén de procuralo nos silenzos de Sant-Yago, nas veigas do Sar, na frol da peisaxe de Padrón... Arciprestádego da beleza e da liturxia poética de Compostela, viventes símbolos da súa historia. E fora d'istes termos nos penedos de Muxía. Onde son de espuma as froles. Onde o bronco mar ríndese ô curto petar da laxe abaladoira e a realeza de Nosa Señora da Barca brila nas bravas mariñas...

No discurso escuitado fai uns minutos o poeta Taibo tén falado, con tino e beleza, de Muxía, do poema inmorrente ô igoal das “camariñas” primaveráis dos cons e furnas de entr'o Roncudo e o Touriñán, da graza da vela e a música do estoupar da onda no coído, badía de arelar navegada por a cantiga:

Nosa Señora da Barca
tén o tellado de pedra:
ben o pudera ter d'ouro
miña Virxe, si quixera.

Rosalía botada a sulago na grave e ledizosa legría mariñeira, rídeo gasalleiro â Virxen da peana de penedo, bule, ri, cantiga, resa, cas de Noya, e as Rianxeiras, cas de Cée, Camariñas e Laxe, e hastra se deixa levar –cousa das festas– por a rexouba a custa das rapaciñas “recatadas” e un “pouquiño soberbias”,

d'unha vila quisquilleira
que por onde van parece
que van dicindo “¡Canela!”
¿Prantamos ou non prantamos
a cantas hay n'esta terra?

Notemos de paso a legria do helenismo, d'un refrexo dos arquetipos helenicos inda enneboeirados nos marcos do Occidente na velazón rosaliana das Oceanidas galegas, as vilas fillas da espuma e do recanto armoñoso. Un pasaxe inteiro do poema, de ritmo ledado, ritmo cantareiro adícase ás mociñas de Muros:

C'aqueles coores rousados
cal si a aurora llos puñera,
pois así son de soaves
com'aurora que comenza

descendentes das airosas
fillas da pagana Grecia.

Elas son “reinas”, “griegas estátuas”. Unha lembranza do friso do Parthenon loce, eistrano lampo de sereidade clásica, no poema de gozosos latexares e vella e sinxela adicazón relixiosa. De fixo aplausado por Pondal. Tamén no bardo dos roteiros insomnes da Galiza brila a severa costelazón espartana dos Dióscuros. Pra Pondal era Muxía “a seca, a areosa, a triste”. Foi o esceario de moitas duidosas horas da adolescenza do autor dos “Queixumes”. Pra Rosalía,

Ramo de froles parece
Muxía a das altas penas.

Estamos ben lonxe de “Negra Sombra”, de “Follas Novas, risa dame”, de

Sólo el viento al pasar trae el eco
del cuervo que grazna,
del lobo que aúlla.

Mais, emporiso a door tampouco alí desamparóu a súa xenial elexida. ¡Tíñalle chantado ben rexo no corazón o cravo! Victoriano Taibo conta ben o episodio da doenza e a chamada da morte c’a eterna saudade d’unha amiga perdida. ¡A roita de Rosalía sementada de cruces negras com’as ribeiras das Torres d’Oeste onde estivo a piques de naufragar a dorna levián de súa fe!

Non digamos ¡adeus! á vila de López Abente –boa sorte tivo con seus cantares Muxía e ben merece todo mantelo de encaixe literario por a súa beleza e máis por a Señora que a preside– esquencendo como alenta nas páxinas da novela de mocidade de Rosalía *La Hija del Mar*.

O clima crítico d’arestora non é favorable a ista e máis novelas de Rosalía, e tampouco, hai n’isto unha perfecta lóxica, á *De Vallehermosa a La China*. Teñamos confianza. Han dar moitas voltas os mundos. Chegará o día do dereito compreto á realidade benquerida i-eleita por cada novelista. ¿Por qué os fantasmas, as fantasías e maxinacións ou as chamadas así, han sere maorasgo de luxos e aristocracias dos líricos?... Tempos han vir ben logo... Mais deixemos os ouvintes disfruitar no recordo d’unha páxina de *La hija del mar*. Dámoslle o tema n’istas liñas:

Un sol de invierno, claro, pero frío, iluminaba aquellas montañas, que ya graníticas, ya arenosas tienen siempre el aspecto desolado y salvaje de las comarcas estériles...

¿Non semella o Chateaubriand dos primeiros capidosos das *Lembranzas d'Alem-Coba*? Na nosa Galiza do XIX téñ infroito moito o visconde. Mais non sempre ben como en certas prosas de Rosalía. Novelista de xenio musical como Hoffmann, soio precisa comparala con novelistas sonados pra vencer na comparanza...

Temos procurado máis d'unha vez esculcar o íntimo do amor e xénero d'amor de Rosalía por Sant-Yago, seu nadal Sant-Yago... Non chegamos ó nó d'aquil sentimento, ó ponto de inxerto na ialma de Rosalía.

¡Ciudad extraña, hermosa y fea a un tiempo,
a un tiempo apetecida y detestada
cual ser que nos atrae y nos desdeña!

.....

Ista confesión da “Santa Escolástica” debíase parangonar co estupendo e case unamunista enxergar de Neira de Mosquera: “Santiago visto desde la torre del Reloj”. E pra xusgar ben non esquencer o caraiter esenzal de Compostela a cidá de pedra: sen devalar, o movemento íntimo, a liturxia de infindas variaciós do seu tema.

Temos a seguranza do sentir de Rosalía n'iste punto esenzal da vivente simbólica de Compostela. Por iso a confisión referido soio xustifica unha hora, a coor d'unha hora, d'un intre de enganosa cristaizazón da cidade, de podente ilusón de morte e “sepultura de vivos”. A moitos ten engaiolado iste formidavel fantasma. E quedaron apreixados no seu Sant-Yago témpano, no seu Sant-Yago museo. Ista é peor gaiola.

Pra s'achegar á pel do esprito e tamén ás motivazós centrosas, pra ouvir seus pasos, seu vagaroso adiantar entre silenzos e anceios, pra enxergar o sorrir desfollado na “cariña fraca”, como dixo Cabanillas da Probeza, de Rosalía hai de busca, espreitala, con favor de horas amigas, nas rúas, quintáns, cráustros e arrabaldos de Compostela. Entr'aquila pelerinaxe de sombras, ningunha máis afeitosa do que a súa. Entr'os silenzos povoados de presenzas dos lagos de soedades —de arquiteurizados silenzos e soedades— onde ancora a nau da basílica do Apostol, a presenza de Rosalía e seu bulto en silenzos estatuada forma no Pórtico das revelaciós poéticas maxinado arredor do centilear en tres tempos do Apocalipsis de Mateu.

Quen como Rosalía ten labrados tales outos retábulos á door, sabía moi ben a arte de calar as doores, ou, somentes, deixalas sospeitar. Apenas será preciso insistire unha ves máis na orla de silenzos e lusco-fusco arredor dos versos

de Rosalía. Hai no branco dos marxes tipográficos galgar de foulas, pasar de fantasmas non mirados no corpo logrado, no sentimento traducido en música de verso do poema. E dicimos isto porque nas vaguedás de Rosalía encróbense moitos aspeitos composteláns... Unha guía sentimental de Compostela pódese facer, respectosamente, cos versos e cos silenzos de Rosalía. E non son os intres menos importantes aqueles onde nin xiquer s'escribe un nome de entr'o Sar e o Sarela... As despedidas, o toque d'alba, o chover, a catedral, a rúa de San Francisco...

camino de los frailes y los muertos,

tantos fondos escaerios composteláns...

Pousemos un anaquiño no segundo tempo d'un andante de marcha fúnebre "En Cornes". A marcha fúnebre da esperanza...

Cruceiro de Ramírez que t'ergues solitario
d'os Agros n'a expranada, antr'as rosas dos campos
o sol da tarde pousa en ti o postreiro rayo
coma n'un alma triste pousa un sono dourado

¿Deixábase levar Rosalía da leenda romántica nada do letreiro? Cecais aquila contradizón facíalle máis fondo o valor da Crus. Inda que "das pedras mudas" que seu "secreto gardan" rubira un feitizo estrano e letal. Son versos longos, curtados na mesma canteira dos de Hölderlin ou de Novalis. Versos como fendas longas deixando albiscar a lus do lume de Eleusis ou de Mithra do Misterio. Non temos nomeado a Hölderlin e Novalis a fume de pallas, non. Un estudo fondo do espírito de Rosalía como o fixo Victoriano Taibo, deixa entrellocir a tentazón do panteísmo, a chamada d'unha "ialma do mundo", o esbroárese da realidade en símbolos... Tentazón ben galega. Sempre encarnizada nos espíritos sensitivos, nas maxinacións criadoras... ¿Cómo non na rula do Sar? Curros Enríquez houbera escoitado na vos do silencio o consello e chamada do nirvana, do aisoluto durmir. Os versos de Rosalía obedecen n'iste laio â mesma lei de forma dos de Curros "Na morte da miña nai":

Doce melanconía, miña musa.
Do meu espírito noiva feiticeira.

Pro non arela Rosalía como Curros dormir no amparo do feitizo triste:

Sono de pedra

Rosalía escuita a chamada d'un mundo máxico. Y-hai non sabemos qué conxuro poético e qué graves conxuntos orquestales de poéticas e filosofías, resoanzas ilustres e perigosas no espírito de Rosalía na grave sentenza derradeira. Poderíase inscribire na lumieira d'unha escola neoplatónica ou das modernas –e antigas– filosofías dos mitos e gnosticismos. C'unha conxunzón da idade de ouro e a futura Utopía, ben dina de ser notada na ialma doorida escolleita por a door:

¡Tal de Memnon s'oian ô amañecer n'a estatua
aqueles sons divinos que as almas encantaban!

Fermosiña e branca sai a ialma de Rosalía, nova Santa Inés, coma no poema de Prudencio, da tentazón inteleitoal. Lembremos cómo soupo vencer a tentazón da probe carne que desexa morrer. De entramas saíu confirmada en santiidade Rosalía pra s'ofrendare en holocausto por todos os doores da Galiza.

Foi no val xa feito esteiro, no comén da ría. N'é preciso nomear o val nin a ría. Ténse chamado ás veigas de Padrón “o val dos adeuses”. “Fermoso e malencónico privilexio” Pois n'il dixo ¡adeus! acenando c'un verso longo coma un laio a nobre escola da poesía galaico-portuguesa. E n'il recolleron as follas arxentadas das uliveiras do cementerio d'Adina e os velos da choiva tremadoiros sobr'os loureiros en renque,

secus decursus aquarum,

os máis fondos adeuses de Rosalía na soleira e porto de embarcamento do morrer.

Nas torres d'Oeste Rosalía foi un momento a Ofelia cravuñada por os coiteiros feridores do corazón da Galiza, desexosa de ser levada nas correntes frias do río do Esquencemento.

O fermoso río ullán xa transido ca morte e resurrección dos ríos no bico salgado da mar, no galgar silandeiro da marea, mostraba prá doída de todos os amores com'o Leteo foi un xenio e nume das iaugas máis do que xiadas, de chumbo, un demo da mitoloxía do desespero, fecundo criador de formas dormiñentas, co agasallo letal da Morte...

Poucas auga-fortes na Poesía de lingoas románicas da forza e priguiza, da sede de sono derradeira. Iste poema das *Follas Novas* merecente do lapis intimista de Baudelaire nas notas do *Spleen de Paris* e da punta seca de Deveria,

A iauga corría
pol-o seu camiño
i-eu iba ô pé d'ela
perto dos Laíños
sin poder c'as penas
que moran conmigo

.....

Imaxe da sinistra tristura d'un castelo se non podería descubrir millor:

A marea viva
petaba nas Torres
orfas entre a líquida
sabán qu'as envolve

.....

Cecáis no espírito de Rosalía non fora eistrana unha sensazón de noxo á vista d'un moimento do poder despótico. Rosalía, sen dúbida, tiña lei e amaba os pazos con reservas. Pro era dos xenios artísticos nemigos dos castelos. Non'os houber dibuxado na fosfórica teebra romántica coma fixo Víctor Hugo. Estaba Rosalía moi perto do corazón do pobo i-era o pobo labrego de entón moi dono de memorias de farropeas e pelouriños.

Ben quixéramos procurar a Rosalía n'un peisaxe máis ledado do Sar. Tod'a súa obra latexa na fronda ricaz, mimosa, na mestura de historia e xeóxica do conxugárase en ritmos mainos de dúas composicións difrentes, condizón unha da outra: a Ulla, Arousa. E no pasar d'unha na outra, na máxica soleira, esteiro calmo... Mais debemos pôr remate a iste traballo. Non debía pasar dos termos admirativos e cordiales de acollimento do noble poeta. Emporiso na quentura das meditacións encol de Rosalía nos puntos espertados por o xentil discurso de Taibo, quedóu no ar unha promesa. ¿Por qué os homes damos palabras dificultosas de comprimento? Taibo, pescudando a door de Rosalía foi co ila un irmán, un galego agradecido. Nós, levados dos mesmos sentimentos, os accesos por Rosalía no espírito de cada galego e soio por ela un pouco amolecidos na crueza da súa door, imos a facer unha proposición sobor das causas d'aquila malenconía. Cecáis facémonos os valentes si falamos da metafísica da door na autora de *Follas Novas*. ¿Non é Rosalía dina como raíña, como a Inés de Castro a nosa saudade, de todas as ambicións? Moito temos pensado –inda n'istes días pasando por as veigas padroesas vixiantes, docemente vixiantes na agarda da primeira pulsazón das cordas do outono– ser a raíz do triste pensar de Rosalía unha sorpresa do seu caraiter, da sua ialma “a nativitate” inocente diante do

espeitácolo do mundo. Unha door de raiz metafísica. Unha categoría filosófica. Unha intercura na razón o orixen do mal. Siñifica maxinación e fantasía preita-zón trascendental do mundo e da vida, manifestada en mil casos como iste dos tecidos na súa podente e sinxela poesía: Son moi fermosas as vimieiras, o río, as rosas, o mar, mais... ¿cómo pode ser ista beleza posibele si acarón latexan a doenza e a fame, a inxustiza e sobre todo a Morte? Foi o sufrir do pobo galego, quen descubriu en Rosalía a iarpa dos seus trenos longos, dos seus curtos consolos...

¡Cán difrente a malenconía rosaliana da de Pastor Díaz! En Rosalía sí hai escola literaria. Ademiramos ô autor de “La mariposa negra” coidando ser a literatura n’il unha nobre profesión sobreposta a unha intuición... Mais Pastor Díaz pesimista pro-contra lóxica. Sin dúbida ó Romantismo español –seu mestre grorioso Pastor Díaz– lle faltaba rexa preparazón especulativa. A man da Razón é cruel:

¿Fue acaso del Infortunio
Esa mano... o del destino?
¿Del cielo enojada vino
o de la infernal región?
No... que al orgullo del hombre
Sorprendí el horrible arcano...
De que era la helada mano...
La mano de la Razón!

No caridoso sufrir de Rosalía se non condena nin acusa... Dende as portas do Paraiso ven a Door. Escolléu a Galiza por teatro. Hai de agardar sufrindo e cantando co pobo inmorrente no sufrir e no cantar.

Outra volta teño a honra de saludar a Victoriano Taibo no nome de ista Academia en cuio impeitizo vivía seu nome facía tanto tempo... Desque xurdiron seus primeiros versos bariles. Soantes ô metal dos fidalgos combates, probados con silenzos e as suidades dos poetas verdadeiros... E chega Victoriano Taibo ô fogar que é seu, deixando en todos os ouvintes do seu discurso e admiradores dos seus poemas, a arelanza de que novas estrofas veñan latexar nas campías e nos curazós. Pois Victoriano Taibo, poeta en camiño, é dos merecentes da madureza e da ancianidade creadora, signo dos grandes na Poesía!

Teño dito

Índice

DISCURSO DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON VICTORIANO TAIBO GARCÍA	7
RESPOSTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON RAMÓN OTERO PEDRAYO	41

Real Academia Galega

Rúa Tabernas, 11

15001 A Coruña

Tlf. 981 207 308

Fax 981 216 467

secretaria@realacademiagalega.org

www.academia.gal



REAL ACADEMIA GALEGA

